



**Concello de Vigo**

**ACTA DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL  
Sesión do 16 de DECEMBRO de 2021 (1115/1102)**

**ASISTENTES:**

**Membros :**

D. Abel Caballero Álvarez  
D<sup>a</sup> Elena Espinosa Mangana  
D. Carlos López Font  
D. Abel Losada Álvarez  
D. Jaime Aneiros Pereira  
D<sup>a</sup> Yolanda Aguiar Castro  
D<sup>a</sup> Patricia Rodríguez Calviño

**NON ASISTEN:**

D<sup>a</sup> M<sup>a</sup> Carmen Silva Rego  
D. Francisco Javier Pardo Espiñeira  
D<sup>a</sup> M<sup>a</sup> José Caride Estévez

Na Casa do Concello de Vigo, ás nove horas do día dezaseis de decembro de dous mil vinte e un e baixo a presidencia do Excmo. Sr. alcalde, Sr. Caballero Álvarez, coa asistencia dos concelleiros/as anteriormente citados, actuando como Secretaria a concelleira, Sra. Aguiar Castro, constitúese a Xunta de Goberno Local desta Corporación co obxecto de realizar sesión ORDINARIA de acordo coa orde do día remitida a tódolos membros coa antelación legal precisa.

Están tamén presentes por invitación, a secretaria de Admón. Municipal, Sra. Gallardo Fariña, a interventora xeral adxunta, Sra. Gómez Corbal, e a titular da Asesoría Xurídica, Sra. Parajó Calvo.

A Xunta de Goberno Local adopta os seguintes acordos:

**1(1095).- APROBACIÓN ACTAS.** Apróbase a acta da sesión ordinaria do 10 de decembro de 2021. Deberán incorporarse ó libro de actas da Xunta de Goberno autorizada coa miña sinatura e maila do Sr. Alcalde-presidente.

**2(1096).- PROXECTO DE CONVENIO DE COLABORACIÓN CO CONSORCIO GALEGO DE SERVICIOS DE IGUALDADE E BENESTAR PARA O DESENVOLVEMENTO DO PROGRAMA “XANTAR NA CASA” (2021-2025). EXPTE. 227337/301.**

Visto o informe xurídico do 23/11/2021 e o informe de fiscalización do 09/12/2021, dáse conta do informe-proposta do 07/12/2021, asinado pola xefa do Servizo de Benestar Social, o xefe de Área, a concelleira-delegada de Política de Benestar Social e polo concelleiro-delegado de Orzamentos e Facenda, que di o seguinte:

I. O 15.10.2008 asinouose o «Convenio de colaboración entre o Consorcio Galego de Servizos de Igualdade e Benestar e o Concello de Vigo para o desenvolvemento do Programa “Xantar na Casa” no Concello de Vigo» cun prazo de vixencia máximo dun (1) ano, prorrogable.

II. O Convenio, aprobado pola Xunta de Goberno Local (XGL) do 17.11.2008 xunto coas Bases reguladoras do Programa e a súa convocatoria, foi obxecto de diversas prórrogas posteriores, tramitadas e aprobadas pola XGL nos expedientes núms. 47754/301, 57513/301, 68683/301, 78792/301, 88462/301, 101195/301 e 130417/301. A última delas foi acordada, para o periodo 15.10.2016 – 14.10.2017, na súa sesión ordinaria do 07.10.2016. Autorizouse tamén no seu día unha *Addenda* pola que se modificaba a súa cláusula 3ª para permitir un máximo de 120 persoas beneficiarias.

III. Para o periodo 2017 – 2021 asinouose o 30.11.2017 un novo convenio de colaboración entre as partes (Exp. n.º 147839/301) e, posteriormente, no ano 2020 unha *Addenda* que permitiu ampliar o número de persoas beneficiaria deste Programa ata un máximo de 200 (Exp. n.º 208822/301).

IV. O obxecto deste novo Convenio é, como os anteriores, regular o marco de colaboración entre o Consorcio e o Concello de Vigo para continuar co desenvolvemento do Programa “Xantar na Casa” no periodo 2021 – 2025, co que se pretende «*facilitar e garantir unha alimentación equilibrada e de calidade adaptada ás necesidades das persoas maiores e/ou dependentes, que non poden valerse por si mesmas para cubrir as súas necesidades básicas relacionadas coa compra ou elaboración de menús*» (Expoñendo II, Convenio).

V. Propónse unha vixencia do Convenio de catro (4) anos, tal como permite o Art. 49.h] da LRXSP, prorrogable por outros catro (4) anos mediante acordo expreso e unánime das partes e para un máximo de 200 prazos.

Garántese así a continuidade e estabilidade deste servizo ás persoas, que seguirá prestándose ás actuais beneficiarias e a aquelas outras que poidan acceder ó mesmo cumprindo as Bases de selección do programa, que non se modifican.

VI. De acordo coa cláusula sexta do novo Convenio o custo máximo do servizo será de 7,5€ persoa/día. Desta cantidade, o Concello de Vigo e as persoas beneficiarias seguirán achegando unha porcentaxe idéntica (o 26,67%) e o Consorcio Galego de Servizos de Igualdade e Benestar farase cargo do 46,66% restante.

VII. Para estes efectos, propónse á XGL que autorice o gasto total de 513.920€. Desta cantidade, imputaránse 26.766,66€ ó vixente exercicio de 2021 (15.10.2021 – 31.12.2021) con cargo á aplicación nº 2310.453.90.00 – “*Convenio Xantar na Casa*”; 128.480€ ós exercicios de 2022, 2023 e 2024 e 101.713,34€ ó de 2025 con cargo á mesma aplicación orzamentaria nº 2310.453.90.00).

Tratándose, polo tanto, dun gasto de carácter plurianual a efectividade das achegas previstas para os exercicios de 2022 e seguintes estará subordinada á existencia de crédito nos orzamentos deses anos (Art. 174 TRLRFL, Base nº 26).

VIII. Á vista dos informes emitidos e da demais documentación que consta no expediente de referencia e tendo en conta que na L.5/2014, do 27 de maio, de medidas urxentes derivadas da entrada en vigor da LRSAL, indícase que as competencias que deberían asumir a Admón. da CA en materia de



## Concello de Vigo

servizos sociais «continuarán sendo prestadas polos municipios mentres non se dean as condicións previstas para o seu traspaso na normativa básica e, en particular, o establecemento do novo sistema de financiamento autonómico e das facendas locais previsto nela» e que «non se entenderá como exercicio de novas competencias», entre outras, a continuidade na prestación dos servizos xa establecidos, propónse á Xunta de Goberno Local a adopción do seguinte,

### «ACORDO

PRIMEIRO: Aprobar o novo «CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE O CONSORCIO GALEGO DE SERVIZOS DE IGUALDADE E BENESTAR E O CONCELLO DE VIGO PARA O DESENVOLVEMENTO DO PROGRAMA “XANTAR NA CASA”» para o período 2021 – 2025, con efectos desde o 15 de outubro de 2021 e ata o 14 de outubro de 2025, prorrogable por acordo expreso e unánime das partes e polo prazo permitido pola lei.

SEGUNDO: Autorizar o gasto total de 513.920€. Desta cantidade, imputaríanse 26.766,66€ ó vixente exercicio de 2021 (15.10.2021 – 31.12.2021) con cargo á aplicación nº 2310.453.90.00 – “*Convenio Xantar na Casa*”; 128.480€ ós exercicios de 2022, 2023 e 2024 e 101.713,34€ ó de 2025 con cargo á mesma aplicación orzamentaria nº 2310.453.90.00; condicionado á existencia de crédito axeitado e suficiente nos orzamentos deses futuros exercicios. Autorízase igualmente a modificación das porcentaxes de imputación presupostaria a teor do Art. 174.3 do TRLRFL, ó abeiro da Base nº 26 das de execución dos orzamentos para 2021.

TERCEIRO: Declarar que as Bases do Programa “Xantar na Casa” aplicables seguirán sendo as vixentes, aprobadas pola Xunta de Goberno Local na súa sesión do 17.11.2008 (Exp. nº 37182/301).

Non obstante, a Xunta de Goberno Local adoptará o acordo que estime mais conveniente para os intereses municipais.

### **ACORDO**

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

### CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE O CONSORCIO GALEGO DE SERVIZOS DE IGUALDADE E BENESTAR E O CONCELLO DE VIGO PARA O DESENVOLVEMENTO DO PROGRAMA XANTAR NA CASA NO CONCELLO DE VIGO

### REUNIDOS

Dunha parte, Fabiola García Martínez, Conselleira de Política Social, en virtude da súa condición de Presidenta do Consorcio Galego de Servizos de Igualdade e Benestar, segundo o previsto nos artigos 13 e 18 dos estatutos que o regulan publicados no DOG núm. 131 do 7 de xullo de 2006.

Doutra parte, Yolanda Aguiar Castro, na súa condición de Concelleira-Delegada de Política de Benestar Social do Concello de Vigo, de acordo cos Decretos do Alcalde – Presidente do 18.6.2019, de estruturación dos servizos corporativos municipais e delegación de competencias xerais e do 26.6.2019, de delegación de competencias específicas nos/as concelleiros/as delegados/as de Área (Apdo. Terceiro, Punto 5).

Ambas as dúas partes, no nome e representación que ostentan e coa capacidade legal para este acto

## EXPOÑEN

I.- Que o Consorcio Galego de Servizos de Igualdade e Benestar (en diante o Consorcio), creado en virtude do convenio de colaboración suscrito o 3 de xullo de 2006, ten como misión primordial, de acordo co artigo 6 dos seus estatutos, publicados no DOG do 7 de xullo de 2006, a participación na dirección, avaliación e control da xestión dos servizos sociais de ámbito local no ámbito territorial dos entes consorciados.

II.- Que o Consorcio está a desenvolver, de acordo coas súas finalidades e competencias, o programa “Xantar na Casa”, un servizo de comida a domicilio co que se pretende facilitar e garantir unha alimentación equilibrada e de calidade adaptada ás necesidades das persoas maiores e/ou dependentes, que non poden valerse por si mesmas para cubrir as súas necesidades básicas relacionadas coa compra ou elaboración de menús.

O programa Xantar na Casa artéllase a través da xestión por parte do Consorcio en colaboración coa Consellería de Política Social e cos concellos consorciados e forma parte do conxunto de servizos promovidos pola Dirección Xeral de Maiores e Persoas con Discapacidade dependente desa consellería.

Os obxectivos específicos que se queren acadar son os seguintes:

- Proporcionar aos beneficiarios unha alimentación de calidade e nutritiva, atendendo os casos de xeito individualizado e profesionalizado.
- Evitar o deterioro da calidade de vida das persoas maiores e/ou dependentes por teren unha dieta inadecuada.
- Previr situacións de risco que se poidan producir no proceso de elaboración da comida.
- Facilitar un respiro ás familias e aos cuidadores e impulsar medidas de apoio á conciliación da vida familiar e laboral das mulleres.
- Facer un seguimento e acompañamento individualizado de cada usuario/a do servizo por parte dos profesionais que acoden aos domicilios.

III.- Que o Concello da Vigo (en diante o Concello), adheriuse ao Consorcio Galego de Servizos de Igualdade e Benestar por medio de Convenio asinado con data de 2.02.2007 e manifestou a súa vontade de formar parte do programa “Xantar na Casa”, asinando o convenio para o desenvolvemento do programa “Xantar na Casa” no concello con data do 30.11.2017 sendo renovado pola addenda do 1.12.2020.

IV.- Que con base no anterior, e co fin de continuar o desenvolvemento do programa “Xantar na Casa” no concello, ambas partes manifestan expresamente o seu desexo de asinar un novo **CONVENIO DE COLABORACIÓN** coas seguintes



**Concello de Vigo**

## **CLÁUSULAS**

### **PRIMEIRA.- OBXECTO**

Este convenio ten por obxecto regular o marco de colaboración entre o Consorcio Galego de Servizos de Igualdade e Benestar e o Concello de Vigo para o desenvolvemento do programa “Xantar na Casa” neste concello.

### **SEGUNDA.- PERSOAS BENEFICIARIAS DO PROGRAMA**

Son beneficiarias do programa “Xantar na Casa” as persoas empadroadas e que sexan residentes no concello e que cumpran os seguintes requisitos:

- 1º) Persoas maiores de 60 anos, que teñan limitada a súa capacidade de autonomía persoal, e sen rede de apoio que puidese suplir tal situación.
- 2º) Persoas dependentes, que carezan de apoio familiar, e requiren de axuda para a preparación de alimentos.
- 3º) Persoas menores de 60 anos en situación de exclusión social, tecnicamente avaliada polos servizos sociais do Concello e sempre que se estea intervindo desde outro programa para resolver a súa situación de exclusión.

### **TERCEIRA.- INCLUSIÓN DE PERSOAS BENEFICIARIAS NO PROGRAMA**

O Concello facilitará ao Consorcio, tras a correspondente avaliación dos Servizos Sociais municipais e aprobación polo órgano competente municipal unha relación dun máximo de 200 persoas beneficiarias do programa, con indicación dos domicilios onde debe efectuarse a entrega, o teléfono de contacto e, no seu caso, a persoa responsable de servir a comida á persoa beneficiaria.

Unha vez iniciada a prestación do servizo, o Concello comunicará ao Consorcio as altas ou baixas das persoas beneficiarias do mesmo nun prazo non superior a 15 días desde o momento en que estas se produzan.

O número máximo de persoas beneficiarias do programa poderá ser modificado por acordo das partes, mediante a sinatura da correspondente addenda de modificación do convenio, atendendo ás necesidades detectadas e á existencia de crédito adecuado e suficiente no orzamento das partes asinantes para financiar as obrigas derivadas do mesmo.

### **CUARTA.- DESENVOLVEMENTO DO PROGRAMA XANTAR NA CASA**

O Consorcio desenvolverá o programa “Xantar na Casa” no Concello de Vigo segundo a relación de persoas usuarias facilitada polo concello consonte ao previsto no parágrafo 1º da cláusula anterior. O Consorcio garantirá ás persoas beneficiarias do programa a entrega, cando menos, unha vez á semana no domicilio indicado, do xantar para os sete días da semana durante o período en que se atopen de alta no servizo.

A alimentación dos usuarios será completa e equilibrada, variada e adaptada ás súas necesidades, os seus gustos e hábitos. Todos os menús estarán supervisados por persoas técnicas especialistas en nutrición. Realizarase unha enquisa de calidade con carácter periódico.

O Consorcio facilitará ademais os medios necesarios para o remonte calorífico dos xantares, así como as instrucións sobre o seu manexo e correcta utilización, asesorando presencial e/ou telefonicamente ás persoas usuarias de cantas circunstancias concorran no servizo.

Sen prexuízo do establecido no parágrafo anterior, o Concello facilitará ás persoas beneficiarias a información necesaria sobre as características, duración e custo do servizo de xantar, así como todas aquelas indicacións que sexan precisas para a correcta recepción deste.

#### **QUINTA.- OBRIGA DE COMUNICACIÓN RECÍPROCA**

O Consorcio comunicará ao Concello calquera incidencia relativa ás persoas beneficiarias que poida producirse na prestación do programa "Xantar na casa", así como calquera información relativa ao benestar e/ou situación persoal, física, anímica ou social da persoa beneficiaria competencia dos Servizos Sociais municipais.

O Concello está obrigado a informar, así mesmo, ao Consorcio de todas aquelas cuestións relativas ás persoas beneficiarias e que poidan incidir na prestación do servizo.

O Consorcio remitirá ao Concello semanalmente un comunicado onde se consignarán as incidencias que, no seu caso, puidesen presentarse na prestación do servizo.

#### **SEXTA.- FINANCIAMENTO E PAGO**

O custo máximo do servizo de xantar será de 7,5 euros por persoa e día. Desta cantidade a persoa beneficiaria achegará o 26,67%, o Concello achegará o 26,67%, e o Consorcio 46,66% restante. As achegas do Consorcio realizaranse con cargo á partida 13.90.312D.228 dos seus orzamentos e as do Concello faranse con cargo á partida prevista para os ditos efectos nos seus orzamentos.

A parte correspondente ao Consorcio, con cargo á partida 13.90.312D.228 dos seus orzamentos, está financiada con cargo á transferencia para esta finalidade da Dirección Xeral de Maiores e Persoas con Discapacidade dependente da Consellería de Política Social.

Calquera bonificación á parte correspondente á achega do usuario correrá por conta do Concello, con cargo aos seus orzamentos. O Concello deberá comunicar ao Consorcio a contía da bonificación, acordando entre ambas as partes a forma de liquidación da mesma.

O Concello deberá comunicar ademais ao Consorcio todas aquelas subvencións que reciba para o financiamento da súa achega, no que se refire tanto á súa contía como á institución emisora.

O Concello aboará ao Consorcio o importe da súa achega, con cargo á partida prevista para tal fin nos seus orzamentos, cunha periodicidade trimestral, unha vez practicada polo Consorcio a liquidación correspondente ao dito período.

As cantidades que corresponda aboar ao Concello en virtude do presente convenio terán a consideración de débedas vencidas, líquidas e esixibles e poderán ser obxecto de compensación coa participación do Concello no Fondo de Cooperación Local, de acordo co disposto na súa regulación.



## Concello de Vigo

### **SÉTIMA.- SEGUIMENTO DO PROGRAMA**

O Consorcio e o Concello designarán, cada un deles, unha persoa que se responsabilizará do cumprimento da obriga de comunicación recíproca das partes referida na cláusula 5ª deste convenio, e do tratamento e xestión de toda a información relativa ao desenvolvemento do programa “Xantar na Casa”.

Sen prexuízo do establecido no parágrafo anterior, a vixilancia e seguimento do convenio encoméndase a unha comisión mixta integrada polo Xerente do Consorcio e a Concelleira de Política de Benestar Social do Concello de Vigo ou persoas en quen deleguen, que se reunirá cando así se solicite por calquera das partes.

A dita comisión terá como funcións: a coordinación, avaliación, e seguimento das actuacións estipuladas neste convenio, así como a resolución das dúbidas e discrepancias que poidan xurdir na interpretación e aplicación do convenio.

### **OITAVA.- ENTRADA EN VIGOR E DURACIÓN**

Este convenio entrará en vigor o día da súa sinatura e os seus efectos estenderanse desde o 15 de outubro de 2021, unha vez concluída a vixencia do convenio asinado entre o Consorcio e o Concello con data do 30 de novembro de 2017.

Este convenio terá unha duración de catro anos. Non obstante, en calquera momento antes da finalización do dito prazo poderase acordar unanimemente por ambas as partes a súa prórroga por un período de ata 4 anos adicionais ou a súa extinción.

A vixencia do convenio quedará condicionada á existencia de crédito adecuado e suficiente no orzamento das partes asinantes para financiar as obrigas derivadas do mesmo.

### **NOVENA.- CAUSAS DE RESOLUCIÓN**

Serán causas de resolución deste Convenio o mutuo acordo das partes e o incumprimento total ou parcial de calquera das cláusulas establecidas no mesmo.

No caso de impago dos custos asumidos polo Concello por un período superior a 3 meses, o Consorcio poderá rescindir o convenio, producíndose o cese da prestación do servizo no Concello.

### **DÉCIMA.- INEXISTENCIA DE RELACIÓN LABORAL**

A subscrición deste convenio non implicará relación contractual ningunha entre o Consorcio e o Concello e as persoas que desenvolvan as actividades que constitúen o obxecto do mesmo, de xeito que por este concepto non se lle poderá esixir responsabilidade ningunha, nin directa nin subsidiaria, polo acontecido no desenvolvemento deste convenio.

### **DÉCIMO PRIMEIRA.- PROTECCIÓN DE DATOS**

O Consorcio e o Concello comprométese a cumprir as medidas de seguridade, en función dos datos que poidan ser cualificados como datos de carácter persoal, segundo a Lei Orgánica 3/2018 de 5 de decembro de Protección de Datos Personais e garantías dos dereitos dixitais e demais normativa de aplicación.

## **DÉCIMO SEGUNDA.- CARÁCTER ADMINISTRATIVO DO CONVENIO**

Este convenio terá carácter administrativo e rexerase polo establecido nas súas cláusulas, quedando excluído da aplicación da normativa reguladora dos contratos do Sector público agás, de ser o caso, para a resolución das dúbidas ou lagoas que puidesen presentarse.

As cuestións litixiosas que xurdan con respecto á súa interpretación, modificación, resolución e efectos serán resoltas, en primeira instancia, pola comisión de seguimento. A falta de acordo, someteranse aos órganos da Xurisdición Contencioso-Administrativa.

E en proba de conformidade cos termos do convenio, as partes asínano no lugar e data que a seguir se indica:

Santiago de Compostela,

A PRESIDENTA DO CONSORCIO GALEGO  
DE SERVIZOS DE IGUALDADE E BENESTAR

A CONCELLEIRA DELEGADA DE  
POLÍTICA DE BENESTAR SOCIAL DO  
CONCELLO DE VIGO

Fabiola García Martínez

Yolanda Aguiar Castro

## **3(1097).- PRÓRROGA DO CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A CONSELLERÍA DE POLÍTICA SOCIAL DA XUNTA DE GALICIA, O CONCELLO DE VIGO E A FUNDACIÓN “LA CAIXA“ PARA O DESENVOLVEMENTO DO PROGRAMA CAIXAPROINFANCIA. EXPTE. 228985/301.**

Visto o informe xurídico do 13/12/2021, dáse conta do informe-proposta da mesma data, asinado xefe de Área de Benestar Social e a concelleira-delegada de Política de Benestar Social, que di o seguinte:

### **I. INFORME**

I.1. O D.99/2012, do 16 de marzo, da *Consellería de Traballo e Benestar*, polo que se regulan os servizos sociais comunitarios e o seu financiamento, estableceu o servizo de educación e apoio familiar, que integra o conxunto de proxectos e servizos de apoio educativo e psicosocial dirixidos ás familias, co obxectivo de detectar, previr e superar as situacións de dificultade, especialmente as eventuais situacións de maltrato infantil ou calquera outra desprotección, promover procesos de cambio que favorezan un adecuado exercicio das responsabilidades familiares, a mellora da autonomía, da integración e da participación social das familias e unidades de convivencia.

I.2. O Concello de Vigo, ademais do seu «Programa socioeducativo e de apoio familiar», desenvolve actividades destinadas a traballar con nenos/as e familias vulnerables ou en risco de vulnerabilidade pola súa situación socioeconómica.

I.3. O Convenio de colaboración entre a Consellería de Política Social, o Concello de Vigo e a Fundación “LA CAIXA“ para o desenvolvemento do Programa CAIXAPROINFANCIA, asinado o 25.02.2020, reforza estas actividades que se están a desenvolver. En efecto, mediante este Programa a Obra Social “la Caixa” promove a creación de alianzas e colaboracións con terceiros a favor da





## Concello de Vigo

infancia; motivo polo que se desenvolve mediante a colaboración con entidades sen ánimo de lucro e trata de favorecer a creación dun ámbito estable de cooperación entre todos os axentes sociais, públicos e privados, que inciden nos/as neno/as, adolescentes e as súas familias.

I.4. En concreto, neste Convenio establécese a cooperación coa Xunta de Galicia e cos concellos para o logro dos obxectivos que a seguir se enumeran:

-Favorecer o desenvolvemento das competencias do neno, nena e adolescente e da súa familia, que permitan mellorar os seus procesos de inclusión social e autonomía.

-Promover o desenvolvemento social e educativo dos e das menores no seu contexto familiar, escolar e social.

-Desenvolver e implementar un modelo de acción social e educativa integral que contribúa a mellorar as oportunidades de desenvolvemento social e educativo dos nenos e nenas e das súas familias.

A realización de tales obxectivos require dunha formulación global e sistémica que considere a multifactorialidade que caracteriza as situacións de pobreza, para o que resulta esencial constituír esta fórmula de cooperación e coordinación.

I.5. Para os efectos indicados na Cláusula segunda do Convenio, propónse a designación da traballadora municipal do Servizo de Benestar Social e coordinadora do «Programa socioeducativo e de apoio familiar», D<sup>a</sup> María Sierra Abraín, como técnica interlocutora do Concello de Vigo en relación con este Convenio.

I.6. Próxima a finalización da súa vixencia (Cláusula oitava: 31.12.2021), o Programa foi avaliado xa polos/as técnicos/as municipais de xeito moi positivo, entendendo que se cumpriron os obxectivos marcados e recomendando non só a continuidade do mesmo, senón tamén a súa extensión a outras zonas da cidade que comparten as mesmas problemáticas.

Por ese motivo, proponse asinar unha prórroga do Convenio que, nos mesmos termos que ata o de agora, dará cobertura ás actuacións realizadas no marco de Caixa Proinfancia por un novo período de tres (3) anos, a contar desde o 01.01.2022, de tal xeito que as actividades se leven a cabo sen ningún tipo de interrupción temporal.

I.7. Faise constar expresamente que **a prórroga do Convenio de colaboración proposto no supón gasto ningún para o Concello de Vigo** (Cláusula quinta, *in fine*), polo que **é innecesario que antes de adoptarse o acordo que proceda polo órgano competente se recabe informe de fiscalización previa da Intervención xeral municipal**, como sí resulta obrigado cando se propón subscribir convenios dos que se deriven obrigas económicas (Base nº 40.3).

Neste sentido, en informe de data 21.02.2020 o Interventor xeral municipal manifestou xa, a respecto da proposta de aprobación do Convenio de referencia asinado o 25.02.2020 (Exp. nº 195964/301) que:

*«Como queira que o expediente remitido a esta Intervención non supón a aprobación ou autorización de gastos, o citado expediente e o acordo nel proxectado non se atopan sometidos a fiscalización previa. Polo exposto, prégase que no sucesivo os expedientes que non sexan susceptibles de producir obrigas de contido económico non sexan remitidos á intervención xeral municipal para a súa*

*fiscalización previa a fin de evitar atrasos ou dilacións innecesarias na súa tramitación».*

## II. PROPOSTA DE ACORDO

En consecuencia, visto o que antecede, o informe técnico/Memoria xustificativa do Xefe de Área de Benestar Social e a orde de inicio de expediente da Concelleira delegada de Política de Benestar Social, propónse á Xunta de Goberno Local a adopción do seguinte,

### «ACORDO

PRIMEIRO.- Prestar aprobación a prórroga do Convenio de colaboración entre a Consellería de Política Social da Xunta de Galicia, o Concello de Vigo e a Fundación “LA CAIXA“ para o desenvolvemento do programa CAIXAPROINFANCIA por un período de tres (3) anos máis e con efectos a partir do 01.01.2022. Esta prórroga do Convenio non supón gasto ningún para o Concello de Vigo.

SEGUNDO.- Ratificar á traballadora municipal adscrita ó Servizo de Benestar Social, D<sup>a</sup> María Sierra Abraín, como técnica interlocutora do Concello de Vigo en relación con este Convenio.

TERCEIRO.- Publicar o Convenio na sede electrónica do Concello de Vigo (<http://sede.vigo.org>)».

Non obstante, a Xunta de Goberno Local adoptará o acordo que estime mais conveniente para os intereses municipais.

### **ACORDO**

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

**4(1098).- DAR CONTA DA FUSIÓN POR ABSORCIÓN DE IZERTIS, S.A. (SOCIEDADE ABSORBENTE) E QUERES TECNOLOGIAS, S.L (SOCIEDADE ABSORBIDA) E DA SUBROGACIÓN EN TODOS OS DEREITOS E OBRIGAS DO CONTRATO DOS SERVIZOS DE ACTUALIZACIÓN, SOPORTE E MANTEMENTO DO SERVIDOR DOCUMENTAL ALFRESCO (2020-2025). EXPTE. 9075/113 .**

Dáse conta do informe-proposta do 10/12/2021, asinado pola xefa do Servizo de Contratación e pola concelleira-delegada de Área, que di o seguinte:

### **NORMATIVA DE APLICACIÓN**

- Lei 9/2017, do 8 de novembro, de contratos do Sector Público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, do 26 de febreiro de 2014 (LCSP)
- Real decreto 817/2009, de 8 de maio, polo que se desenvolve parcialmente a Lei 30/2007, de 30 de outubro, de contratos do sector público (RLCSP)



## Concello de Vigo

- Real decreto 1098/2001, de 12 de outubro, polo que se aproba o regulamento xeral da Lei de contratos das Administracións Públicas (RLCAP), no que non se opoña á Lei 9/2017

### ANTECEDENTES

**Primeiro.-** A Xunta de Goberno Local, na súa sesión de 11 de xuño de 2020 adxudicou a a QUERES TECNOLOGÍAS, S.L. (B-70.007.869) o procedemento aberto para a contratación dos servizos de actualización, soporte e mantemento do servidor documental ALFRESCO (2020-2025) expediente 9075-113

O contrato formalizouse o 7 de xullo de 2020.

**Segundo.-** Con data de entrada 30 de setembro de 2021 no Rexistro electrónico do Concello de Vigo (documento nº 210198197) a empresa QUERES TECNOLOGIAS, S.L comunica que con data 24 de setembro de 2021 quedan inscritas no Rexistro Mercantil as escrituras de fusión entre IZERTIS, S.A. con CIF A33845009 (empresa absorbente) e a entidade QUERES TECNOLOGIAS SL con CIF B70007869 (empresa absorbida). Achega escritura de fusión por absorción outorgada ante o notario de Gijón, don Carlos León Matorras o 28 de xullo de 2021 co número 1059 do seu protocolo.

### FUNDAMENTOS JURÍDICOS

**Primeiro.-** O artigo 98.1 da Lei 9/2017, do 8 de novembro, de contratos do Sector Público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, do 26 de febreiro de 2014 establece que “Nos casos de fusión de empresas nos que participe a sociedade contratista, continuará o contrato vixente coa entidade absorbente ou coa resultante da fusión, que quedará subrogada en todos os dereitos e obrigas dimanantes do mesmo.”

**Segundo.-** A competencia para a adopción deste acordo correspóndelle á Xunta de Goberno local, en calidade de órgano de contratación do Concello de Vigo (disposición adicional segunda da LCSP)

Á vista das anteriores consideracións, propónse a adopción do seguinte acordo:

*“Tomar razón da fusión por absorción de IZERTIS, S.A. (sociedade absorbente) e QUERES TECNOLOGIAS, S.L (sociedade absorbida) e, polo tanto, a primeira delas subrógase en todos os dereitos e obrigas resultantes do contrato dos servizos de actualización, soporte e mantemento do servidor documental ALFRESCO (2020-2025) expediente 9075-113 adxudicado por acordo da Xunta de Goberno local de data 11 de xuño de 2020.”*

### ACORDO

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

**5(1099).- DECLARAR DESERTOS OS LOTES 4 E 8 DO PROCEDIMENTO ABERTO PARA A CONTRATACIÓN DO SUBMINISTRO DE MATERIAL E ALUGUEIRO DE MAQUINARIA PARA AS OBRAS A REALIZAR NOS COLEXIOS DE EDUCACIÓN INFANTIL E PRIMARIA POLO PERSOAL BENEFICIARIO DO PROGRAMA VIGO EMPREGA. EXPTE. 24875/332.**

Dáse conta do informe-proposta da Mesa de Contratación realizada en data 26/11/2021, que di o seguinte:

13.- Proposta de declaración de procedementos desertos

a) Procedemento aberto para a contratación do subministro de material e aluguer de maquinaria para as obras a realizar nos colexios de educación infantil e primaria polo persoal beneficiario do programa Vigo Emprega (24.875-332) (lotes 4 e 8)

**LEXISLACIÓN APLICABLE**

- Lei 9/2017, do 8 de novembro, de contratos do Sector Público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, do 26 de febreiro de 2014
- Real decreto 817/2009, de 8 de maio, polo que se desenvolve parcialmente a Lei 30/2007, de 30 de outubro, de contratos do sector público (RLCSP)
- Real decreto 1098/2001, de 12 de outubro, polo que se aproba o regulamento xeral da Lei de contratos das Administracións Públicas (RLCAP), no que non se opoña ao Real decreto lexislativo 3/2011
- Prego de cláusulas administrativas particulares para a contratación do procedemento aberto para a contratación do subministro de material e aluguer de maquinaria para as obras a realizar nos colexios de educación infantil e primaria polo persoal beneficiario do programa Vigo Emprega (24.875-332) (lotes 4 e 8)

**ANTECEDENTES**

**Primeiro.-** Con data do 21 de outubro de 2021 a Xunta de Goberno local acordou aprobar o expediente para a contratación, por procedemento aberto do subministro de material e aluguer de maquinaria para as obras a realizar nos colexios de educación infantil e primaria polo persoal beneficiario do programa Vigo Emprega (24.875-332).

**Segundo.-** A licitación foi obxecto de publicación no perfil de contratante o 26 de outubro de 2021, rematando o prazo de presentación de ofertas o 10 de novembro de 2021.

**Terceiro.-** A Mesa de Contratación, na sesión que tivo lugar o 18 de novembro de 2021 acordou:

- a) Admitir neste procedemento aos licitadores que deseguido se relacionan, por ter presentado correctamente a documentación esixida no prego de cláusulas administrativas para declarar o cumprimento dos requisitos previos:
1. GARCÍ VENTA, S.L. (lotes 1, 2, 3, 4, 6, 7 e 8)



## Concello de Vigo

2. HIROMEGAL S.L. (lote 5)
3. ICOGA, S.L. (lote 6)
4. TORRES Y SAEZ, S.A.U. (lote 3)

- b) Outorgar un prazo de tres días a MATERIALES DE CONSTRUCCIÓN FERNANDO ALONSO, S.L. (lotes 1, 2, 3, 6 e 7) para que poida emendar a documentación presentada segundo o esixido no prego de cláusulas administrativas particulares (PCAP) que rexe esta contratación.

Concretamente deberá presentar un novo DEUC no que cumprimente todos os motivos de exclusión da parte III, dado que no DEUC presentado non consta respondida a seguinte pregunta recollida no punto “C: *Motivos referidos a la insolvencia, los conflictos de intereses o la falta profesional*”: “*Convenio con los acreedores*”. *¿Ha celebrado el operador económico un convenio con sus acreedores?*”

**Cuarto.-** A Mesa de Contratación na sesión do 26 de novembro de 2021 tomou razón da incidencia do Servizo de Educación na que se facía constar que dentro do prazo de presentación de ofertas GARCI VENTA, S.L. presentou diversos documentos nos que se incluía a proposición económica sen encriptar e que “*por erro archivou a dita documentación sen examinala*”.

Á vista do anterior e tendo en conta o previsto na cláusula 14.1 do PCAP “A presentación de documentos non encriptados dos que puidese coñecerse o seu contido antes do correspondente acto de apertura dará lugar á non admisión do licitador” a Mesa acordou, por unanimidade, non admitir neste procedemento a GARCI VENTA, S.L.

### FUNDAMENTOS XURÍDICOS

**Primeiro.-** A Mesa de Contratación é competente para propoñer deserta a licitación, ao abeiro do previsto no artigo 22.1g do Real Decreto 817/2009, no que se regulan as funcións das Mesas de Contratación.

Dado que nos lotes 4 “*Materiais para carpintería de madeira*” e 8 “*Aluguer de maquinaria*” o único licitador presentado é GARCI VENTA, S.L. e a Mesa acordou non admitilo na licitación por ter presentado por Rexistro Electrónico a súa oferta económica sen encriptar, procede declarar desertos os referidos lotes.

Á vista do exposto, propónse a Xunta de Goberno local, na súa calidade de órgano de contratación (disposición adicional segunda da LCSP), a adopción do seguinte acordo:

*“Declarar desertos os lotes 4 “Materiais para carpintería de madeira” e 8 “Aluguer de maquinaria” do procedemento aberto para a contratación do subministro de material e aluguer de maquinaria para as obras a realizar nos colexios de educación infantil e primaria polo persoal beneficiario do programa Vigo Emprega (24.875-332) porque o único licitador presentado nos referidos lotes non foi admitido por presentar a través do Rexistro Electrónico a súa oferta económica sen encriptar (cláusula 14.1 do prego de cláusulas administrativas particulares)”.*

## **ACORDO**

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

### **6(1100).- EXPEDIENTE DE CONTRATACIÓN DO SERVIZO DE MANTEMENTO TÉCNICO LEGAL DOS PROCESOS DE TRATAMENTO E DESINFECCIÓN EN MATERIA DE LEXIONELA NAS INSTALACIÓNS DEPORTIVAS DEPENDENTES DA CONCELLERÍA DE DEPORTES. EXPTE. 4111/611.**

Visto o informe xurídico do 03/12/2021 e o informe de fiscalización do 07/12/2021, dáse conta do informe-proposta do 30/11/2021, asinado polo adxunto á Xefatura de Deportes, o xefe do Servizo de Deportes, o concelleiro-delegado de Área e polo concelleiro-delegado de Orzamentos e Facenda, que di o seguinte:

#### **NORMATIVA DE APLICACIÓN**

- Lei 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público (LCSP).
- Real Decreto 817/2009, de 8 de maio, polo que se desenvolve parcialmente a Lei 30/2007, de 30 de outubro, de Contratos do Sector Público, no que non se opoña á Lei 9/2017.
- Real Decreto 1098/2001, de 12 de outubro, polo que se aproba o Regulamento xeneral da Lei de contratos das administracións públicas (RLCAP) no que no se opoña á Lei 9/2017.
- Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases do réxime local (LBRL).
- Real Decreto Lexislativo 781/1986, de 18 de abril, texto refundido das disposicións legais vixentes en materia de réxime local (TRRL).
- Lei 5/1997 de 22 de xullo de Administración Local de Galicia (LALGA).

#### **Antecedentes:**

- A xustificación da necesidade e idoneidade do contrato á que se refire o artigo 28 da Lei 9/2017, do 8 de novembro, de contratos do Sector Público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, do 26 de febreiro de 2014 (en adiante LCSP), previa á resolución de inicio do expediente, o 2 de febreiro corrección de data 20 de xullo de 2021.
- Este contrato está incluído no Plan anual de contratación do Concello de Vigo para o exercicio 2021, aprobado pola Xunta de Goberno local na sesión do 30 de decembro de 2020 e publicado no perfil de contratante.
- Memoria económica de data 28 de xullo corrixida o 26 de outubro de 2021, relativa aos seguintes extremos:
  - Xustificación do prezo do contrato, do orzamento base de licitación e do valor estimado do contrato (e o seu método de cálculo) aos que fai referencia o artigo 102 LCSP, en base os custos que ten actualmente o propio servizo de deportes nos contratos para o desenvolvemento do servizo.



## Concello de Vigo

- Xustificación de que o contrato non suporá desequilibrio orzamentario por atoparse contemplado o gasto no orzamento e que non afectará á sustentabilidade financeira do Concello (artigo 7.3 da Lei orgánica 2/2012, do 27 de abril).
- Forma de aboamento do prezo (artigo 67.2ñ do RLCAP).
- Retencións de crédito de data 27 de outubro de 2021 (operación nº 202100106802).
- Prego de prescricións técnicas particulares (artigo 116.3 LCSP), de data 27 de outubro de 2021.
- Memoria xustificativa, de data 27 de outubro de 2021, correxida con data 28 de novembro relativa aos seguintes extremos:
  - A xustificación do procedemento elixido rexerese polo disposto no artigo 159 .1.a) da LCSP que regula o procedemento aberto simplificado
  - Xustificación da insuficiencia de medios (artigo 116 LCSP).
- Xustificación do prazo de duración dos contratos e de execución da prestación (artigo 29 LCSP).
- Xustificación da elección dos criterios de adxudicación e da súa adecuación ao obxecto do contrato (artigo 145.1 LCSP), así como a xustificación das fórmulas de valoración (artigo 146.2LCSP).
- Xustificación da solvencia esixida aos licitadores.
- Lugar de entrega do obxecto do contrato (artigo 67,5.f e 67.7.e RLCAP).
- Informe do servizo de contratación de que o expediente reúne toda a documentación esixida pola lexislación vixente en materia de contratación pública asinado en data 29 de outubro do 2021.
- Prego de Cláusulas administrativas particulares asinado pola servizo de contratación de data 29 de outubro de 2021, correxido con data 30 de novembro.

### Fundamentos de dereito

**Primeiro.-** O expediente de contratación, de acordo co disposto no artigo 116.1 da LCSP, iníciase polo Órgano de Contratación motivando a necesidade do contrato nos termos previstos no artigo 28 desta lei. No concello de Vigo esta competencia esta delegada por acordo da Xunta de Goberno Local de 20 de xuño de 2019 nos concelleiros de Area. O concelleiro-delegado de Deportes mediante resolución de 02 de febreiro corrección de 20 de xullo do 2021 autorizou o inicio da tramitación deste expediente de contratación.

**Segundo.-** Dado o obxecto o tipo de contrato é de servizo (art. 17 LCSP).O procedemento elixido para a contratación é o procedemento aberto simplificado (art. 159.1.a LCSP) non necesita máis xustificación.

**Terceiro.-** O expediente refírese á totalidade do obxecto do contrato e no mesmo consta, tal e como prevé o artigo 116 apartados 2 e 3 da LCSP o prego de cláusulas administrativas particulares e o prego de prescricións técnicas.

**Cuarto.-** No expediente xustificase a necesidade e idoneidade do contrato de conformidade cos artigos 28 e 116.1 da LCSP.

**Quinto.-** Na memoria xustifícase a non división en lotes (artigo 116.4.g) LCSP), o prezo e a súa xustificación (artigo 100 e seguintes LCSP), o prazo de duración e de execución (art. 29 LCSP), o valor estimado do contrato (artigo 116.4.d) LCSP), os criterios de adxudicación e fórmulas de valoración (artigo 145 e 146 LCSP), as condicións especiais de execución (art. 202.1 LCSP), o principio de estabilidade orzamentaria e sustentabilidade financeira (artigo 7.3 d Lei Orgánica 2/2012, de 27 de abril).

A tramitación do expediente realízase por anticipado de gasto art. 117. LCSP.

**Sexto.-** De conformidade coa disposición adicional terceira, apartado 8 da LCSP e a disposición adicional oitava, apartado e) da Ley 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases de réxime local (LRBRL), se require o informe preceptivo da Asesoría Xurídica do Concello de Vigo.

**Sétimo.-** O artigo 116.3 e o apartado 3 da disposición adicional terceira da LCSP, dispoñen que ao expediente se incorporará o certificado de existencia de crédito ou documento que legalmente o substitúa. Este documento, xunto co informe de fiscalización previa, incorporárase pola Intervención Xeral ao procedemento con carácter previo á aprobación polo órgano de contratación.

**Oitavo.-** A competencia para a resolución do presente expediente correspóndelle á Xunta de Goberno Local, na súa calidade de órgano de contratación, conforme ó previsto na Disposición adicional segunda apartado 11 da LCSP. A resolución deberá ser motivada e aprobará o expediente de contratación, dispoñendo a apertura do procedemento de adxudicación (artigo 117 LCSP) e implicará a aprobación do gasto.

**Noveno.-** A aprobación do expediente de contratación correspóndelle a Xunta de Goberno Local, na súa calidade de órgano de contratación (disposición adicional 2ª .4 LCSP)

A vista do exposto, e previo informe da Asesoría Xurídica e da Intervención Xeral do Concello de Vigo, propónse á Xunta de Goberno Local como órgano de contratación, en uso das facultades que lle confire a lexislación vixente, a adopción do seguinte acordo:

**Primeiro:** Aprobar o expediente de contratación a través de procedemento aberto simplificado e tramitación por anticipado de gasto DO SERVIZO DE MANTENIMENTO TÉCNICO LEGAL DOS PROCESOS DE TRATAMENTO E DESINFECCIÓN EN MATERIA DE LEXIONELA NAS INSTALACIÓNS DEPORTIVAS DEPENDENTES DA CONCELLERÍA DE DEPORTES.

**Segundo:** Aprobar o Prego de Prescricións Técnicas Particulares de data 27 de outubro do 2021 e o Prego de Cláusulas Administrativas Particulares que rexerá o Contrato, asinado polo servizo de contratación de data 30 de novembro do 2021.





## Concello de Vigo

**Terceiro:** Autorizar o gasto polo importe máximo de licitación de **149.962,56 euros con iva**, sendo o **IVE 26.026,56 euros**, e co seguinte distribución de anualidades.

### **DISTRIBUCIÓN EN ANUALIDADES**

<b>PERIODO</b>	<b>IMPORTE TOTAL / € CON IVE</b>	<b>APLICAC. ORZAMENTARIA</b>
2022 14/02/2022- 31/12/2022	42.219,59	3420.2279916
2023	49.987,52	3420.2279916
2024	49.987,52	3420.2279916
2025 01/01/2024- 13/02/2025	7.767,93	3420.2279916
	149.962,56	

O contrato financiarase con cargo as seguintes aplicacións orzamentarias 3420.2279916" Traballos contra a lexió nlla desinsectación", e bolsa de vinculación.

**Cuarto:** Abrir o procedemento de licitación para a selección do contratista na forma prevista na lexislación vixente.

### **ACORDO**

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

### **7(1101).- ABOAMENTO DE DIETAS POR ASISTENCIAS Á COMISIÓN DE SELECCIÓN DO ALUMNADO-TRABALLADOR DO OBRADOIRO DE EMPREGO "VIGO CAPACITA VII". EXPTE. 18751/77.**

Visto o informe de fiscalización do 14/12/2021, dáse conta do informe-proposta do 07/12/2021, asinado pola técnica de Admón. Xeral (Resolución do 25/11/2021), o concelleiro-delegado de Emprego e polo concelleiro-delegado de Orzamentos e Facenda, que di o seguinte:

### **ANTECEDENTES**

I.- No DOG Núm. 22 do Martes, 3 de febreiro de 2021, consta publicada a Orde de 31 de decembro de 2021 (DOG núm. 22, do 3 de febreiro de 2021) pola que se establecen as bases reguladoras das axudas e subvencións para os obradoiros duais de emprego da Comunidade Autónoma de Galicia (código de procedemento TR353A). Trátase dun programa financiado con cargo aos orzamentos xerais da Comunidade Autónoma de Galicia para o ano 2021-2022.

II.- A Xunta de Goberno Local, na sesión ordinaria do 1 de marzo de 2021, acordou aprobar o proxecto denominado "Obradoiro de Emprego VIGO CAPACITA VII", elaborado polo Servizo de Desenvolvemento Local do Concello de Vigo (expte. 18011/77) e presentar a solicitude da axuda; que foi remitida a través da sede electrónica da Xunta de Galicia con data 03 de marzo de 2021.

III. Con data do 10 de setembro de 2021, recíbese a notificación da concesión da subvención para a realización do proxecto de Obradoiro dual de Emprego denominado "VIGO CAPACITA VII" por resolución da Xefatura Territorial de Pontevedra - Sede Vigo da Consellería de Emprego e Igualdade da Xunta de Galicia, concedendo unha subvención polo importe de **346.946,00 €** para o financiamento dos custos de formación profesional para o emprego e os gastos salariais derivados dos contratos de traballo que se subscriban co alumnado-traballador.

IV. Con data 22 de setembro de 2021, a proposta do concelleiro delegado de Cultura e Emprego, a Xunta de Goberno Local aprobou a aceptación da subvención concedida (Expte.:18673/77) e econmendas ao Servizo de Desenvolvemento Local e Emprego, a xestión do proxecto de obradoiro de emprego "VIGO CAPACITA VII", conforme aos criterios establecidos na referida Orde de 31 de decembro de 2020.

V. A Orde da convocatoria regula dun xeito xenérico o procedemento de selección de todo o persoal participante no programa, polo que a DIRECCIÓN XERAL DE FORMACIÓN E COLOCACIÓN emitiu a CIRCULAR NÚM. 6/2021 de data 15/06/2021, para ditar directrices máis polo miúdo, coa finalidade de dotar dunha maior transparencia e eficacia a xestión do dito procedemento, así como para que todas as entidades sigan unhas pautas de actuación que terán o carácter de xerais e que cada unha concretará atendendo ás peculiaridades de cada un dos proxectos.

A selección da presente convocatoria, será realizada pola entidade promotora, que será a encargada de seleccionar o persoal directivo, docente e de apoio e ao alumnado dos programas e obradoiros duais de emprego.

VI. A través do expediente 18685/77 se tramita o proceso e as **bases de selección** do ALUMNADO-TRABALLADOR do Obradoiro de Emprego VIGO CAPACITA VII ((cofinanciado pola consellería de Emprego e Igualdade da Xunta de Galicia, conforme a resolución da Xefa Territorial de Pontevedra - Sede Vigo notificada en data 10/09/2021, ao abeiro da *Orde de 31 de decembro de 2020* (DOG núm. 22, de 3 de febreiro de 2021) *polo que se establecen as bases reguladoras das axudas e subvencións para os obradoiros duais de emprego da Comunidade Autónoma de Galicia*, co número de expediente 36/00030/2021, polo importe de **346.946,00 €**, para o financiamento dos custos de formación profesional para o emprego e os gastos salariais derivados dos contratos de traballo que se subscriban co alumnado-traballador.

3.- A entidade Fundación Española del Corazón (CIF G-81.087.587), achega escritos (docs. 210249134, 210250865, de datas 7 e 9 de decembro de 2021) aceptando a proposta de convenio, achega certificacións de estar ao corrente coas súas obrigas tributarias e coa seguridade social. Consta, tamén, copia da escrituras de da entidade acreditativas da súa personalidade xurídica, con capacidade xurídica e de obrar. Asemade, acredítase a representación legal da entidade e a súa facultade para formalizar o convenio.

A fundación figura inscrita no Rexistro Nacional de Fundacións co núm. 274-E.

#### **Fundamentos de dereito**

O Concello de Vigo, ao abeiro do establecido no artigo 25 da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases de réxime local e artigos 33, 38 quinquies, 80 da Lei 8/2008, de 10 de xullo, de saúde de Galicia, ven desenvolvendo o programa municipal Plan saúde cos seguintes finalidades e obxectivos:



## Concello de Vigo

- Fomentar hábitos de vida saudables na poboación de Vigo para a prevención, entre outras, de enfermidades cardiovasculares.
- Formar e informar a colectivos do Concello de Vigo nas técnicas de primeiros auxilios ante paradas cardiorrespiratorias e outros temas de especial interese como a incidencia da calidade do aire na saúde cardiovascular
- Apoiar na identificación de desfibriladores públicos (características e emprazamento) para poder atender unha posible parada cardiorrespiratoria e fomentar a cultura da cardio protección entre a cidadanía
- Fomentar a educación sanitaria de los consumidores e empresarios en materia de consumo e hixiene alimentaria.
- Sensibilizar ós cidadáns sobre a necesidade de previr a enfermidade cardiovascular, primeira causa de morte, colaborando en campañas e ou participando en accións globais.

A Área municipal de Medio Ambiente e Vida Saudable, en virtude da resolución da alcaldía do 04/09/2020, exerce competencias municipais en materia de saúde, fomento de hábitos de vida saudable na poboación, fomento de educación sanitaria dos consumidores, edicións de publicacións dirixidas á cidadanía para subministrar información sobre temas relativos á saúde.

A FEC é unha entidade sen ánimo de lucro, promovida pola Sociedade Española de Cardiología, cuxos obxectivos principais son a prevención das enfermidades cardiovasculares mediante a educación sanitaria da poboación, a difusión de hábitos de vida cardiosaudables, o fomento e apoio do desenvolvemento da investigación cardiovascular en España.

Ámbalas dúas institucións, o Concello de Vigo e a Fundación Española do Corazón, pretenden establecer un marco de colaboración mutua en materia de educación e fomento de hábitos de vida saudable para a prevención das cardiopatías.

Neste sentido, o obxecto do convenio é a colaboración entre a Administración municipal e a entidade Fundación Española do Corazón, nas seguintes materias de interese mutuo:

Promover conxuntamente, no municipio de Vigo, proxectos e programas de actividades orientadas á prevención das enfermidades cardiovasculares e de promover todas as actuacións necesarias para a atención temperá á parada cardíaca na vía pública, no transporte colectivo e nos espazos públicos competencia do Concello de Vigo. Todo isto coa meta de converter a Vigo nunha Cidade Cardiosaudable.

As concretas accións ou actividades que se desenvolvan quedarán suxeitas á aprobación dos programas ou actividades na forma legalmente prevista e de conformidade coas dispoñibilidades orzamentarias existentes.

Por tanto, concorren razóns de oportunidade para subscribir un convenio marco de colaboración cara acadar o obxectivo común de educación e fomento de hábitos de vida saudable para a prevención das cardiopatías.

O obxecto deste convenio está excluído do ámbito de aplicación da Lei 9/2017, de 8 de novembro, de contratos do sector público, pola que se traspoñen ó ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, de

26 de febreiro de 2014 (LCSP), ao abeiro do establecido nos artigos 4 e 6.2. e habida conta que o Concello de Vigo non efectúa ningunha disposición dineraria en favor da referida entidade mercantil conveniente, tampouco cabe suxeitar este á lexislación de subvencións (artigo 2.1. da Lei 38/2003, de 17 de novembro, xeral de subvencións “a sensu contrario”).

O convenio de que se trata é un convenio marco de colaboración dos que, con carácter xeral, ao abeiro dos artigos 47.2.c) da Lei 40/2015, de 1 de outubro, de réxime xurídico do sector público, 5 e 25 da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases de réxime local (LRBRL), en relación cos artigos 111 do Rdl 781/1986, de 2 de abril, 6.2. e 34 da LCSP, poden realizar as Administracións Públicas con persoas xurídico privadas, co obxecto de satisfacer os intereses públicos que teñen encomendados, no presente caso promover proxectos e programas de actividades orientadas á prevención de enfermidades cardiovascular.

Os pactos que o convenio incorpora estímense conformes ao interese público que este persigue e ao ordenamento xurídico e suficientes, coa demais documentación do expediente, ao fin pretendido.

Pola súa banda, consta no expediente a documentación legalmente esixida e o esquema do convenio axústase ao establecido na base 40ª.4. das de execución do vixente orzamento municipal e artigos 47 a 52 da Lei 40/2015, de 1 de outubro, de réxime xurídico do sector público

O convenio marco non implica gastos para o Concello.

É competente para a aprobación do convenio a Xunta de Goberno Local habida conta das competencias que ten atribuídas ao abeiro do establecido no artigo 127.1. da LRBRL en relación co artigos 4 e 6.2. e Disposición adicional segunda da LCSP.

Polo exposto, propónse á Xunta de Goberno Local a adopción do seguinte

## **ACORDO**

Aprobar a proposta de convenio marco de colaboración entre o Concello de Vigo e a Fundación Española del Corazón, co fin de promover conxuntamente proxectos e programas de actividades orientadas á prevención de enfermidades cardiovascular, conforme aos informes e documentación obrante no expediente número 21510/310 e co texto que de seguido se indica.

### **““CONVENIO MARCO DE COLABORACIÓN ENTRE O CONCELLO DE VIGO E A FUNDACIÓN ESPAÑOLA DO CORAZÓN**

*En Vigo, na data da firma electrónica*

## **REUNIDOS**



## Concello de Vigo

*Dunha parte, o Excmo. Sr. D. Abel Ramón Caballero Álvarez, en calidade de Alcalde do Concello de Vigo (CIF P-3605700-H), con domicilio en Praza do Rei núm. 1, de Vigo.*

*Doutra parte, Dr. D. Carlos Macaya Miguel, con DNI/NIF número 41093737-M e Dra. Dna. Carolina Ortiz Cortés, con DNI número 76040278-R quen actúan, respectivamente, como Presidente e Secretaria, conxuntamente, en nome e representación da FUNDACIÓN ESPAÑOLA DO CORAZÓN (en diante, citada como FEC), domiciliada en Madrid, rúa Nsa. Sra. de Guadalupe, 5-7, con CIF G-81.087.587, e inscrita no Rexistro do Protectorado de Fundacións ao número 274-E.*

*Ambas as partes na representación que ostentan, recoñecéndose mutuamente plena capacidade de obrar e de obrigarse, libre e espontaneamente,*

### **EXPOÑEN**

*I. Que a FEC é unha entidade sen ánimo de lucro, promovida pola Sociedade Española de Cardioloxía, cuxos obxectivos principais son a prevención das enfermidades cardiovasculares mediante a educación sanitaria da poboación, a difusión de hábitos de vida cardiosaludables, o fomento e apoio do desenvolvemento da investigación cardiovascular en España.*

*II. Que o Concello de Vigo, a través da Concellaría de Medio Ambiente e Vida Saudable, ao amparo do artigo 25 da vixente Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases de réxime local, artigos 33, 38 quinquies, 80 da Lei 8/2008, de 10 de xullo, de saúde de Galicia, vén desenvolvendo o programa municipal Plan Saúde, entre as que se poden citar as seguintes finalidades e obxectivos:*

- Fomentar hábitos de vida saudable na poboación de Vigo para a prevención, entre outras, de enfermidades cardiovasculares.*
- Formar e informar a colectivos do Concello de Vigo nas técnicas de primeiros auxilios ante paradas cardiorrespiratorias e outros temas de especial interese como a incidencia da calidade do aire na saúde cardiovascular*
- Apoiar na identificación de desfibriladores públicos (características e localización) para poder atender unha posible parada cardiorrespiratoria e fomentar a cultura da cardio protección entre a cidadanía*
- Fomentar a educación sanitaria dos consumidores e empresarios en materia de consumo e hixiene alimentaria.*
- Sensibilizar aos cidadáns sobre a necesidade de previr a enfermidade cardiovascular, primeira causa de morte, colaborando en campañas e/ou participando en accións globais por exemplo o aceso de edificios/lugares emblemáticos con motivo do Día Mundial do Corazón*
- Edición de publicacións dirixidas á cidadanía para subministrar información sobre temas relativos á saúde*
- Prevención consumo de sustancias nocivas como bebidas alcohólicas ou tabaco*

*III. Que é interese común das partes actuar e incidir na prevención dos factores de risco comúns ás enfermidades cardiovasculares e á mellora dos hábitos para a promoción da saúde da poboación en xeral, polo que ambas partes conviñeron a subscrición dun convenio de colaboración que se rexerá polas seguintes*

## **ESTIPULACIÓNS**

### **PRIMEIRA.- Obxecto da colaboración**

*O presente documento ten como obxecto fixar o marco de actuación para a colaboración entre a FEC e O Concello de Vigo. Esta colaboración estará relacionada coa promoción de estilos de vida saudables entre a poboación co fin de previr as enfermidades cardiovasculares e de facilitar a atención temperá á parada cardíaca na vía pública.*

*O presente convenio marco de colaboración entre ambas as entidades asinantes, ten como fin o promover conxuntamente, no municipio de Vigo, proxectos e programas de actividades orientadas á prevención das enfermidades cardiovasculares e de promover todas as actuacións necesarias para a atención temperá á parada cardíaca na vía pública, no transporte colectivo e nos espazos públicos competencia do Concello de Vigo. E todo iso coa meta de converter a Vigo nunha Cidade Cardiosaludable.*

*Con esta meta e obxectivos, e no desenvolvemento deste convenio, anualmente a Comisión Mixta de Seguimento do Convenio marco, consensuadamente planificará o conxunto de actividades a desenvolver na seguinte anualidade e exercicio orzamentario, definindo e garantindo a responsabilidade de cada unha das entidades, así como os medios achegar por cada unha delas. Esta planificación de actividades estará suxeita a aprobación na forma legalmente prevista de conformidade coas disponibilidades orzamentarias existentes.*

### **SEGUNDA.- Duración**

*O presente acordo terá unha duración de catro anos, entrando en vigor ao día seguinte da firma por ambas as partes.*

*A vixencia do presente acordo quedará condicionada aos acordos específicos que poidan asinarse, onde se detallarán concretamente os termos do contido e alcance dos mesmos, previamente pactados polas partes.*

### **TERCEIRA.- Extinción resolución**

*O acordo poderá extinguirse e quedará resolto e sen efecto por algunha das causas seguintes:*

- a) Por mutuo acordo entre ambas as partes.*
- b) Voluntaria e unilateralmente, sen expresión de causa, se calquera das partes decide a súa resolución, para o que deberá dar conta á outra da súa decisión respecto diso cunha antelación mínima de sesenta días ao momento en que a resolución declarada haxa de gañar eficacia.*
- c) Polas demais causas establecidas legalmente.*

### **CUARTA.- Seguimento**

*Para o seguimento do establecido no presente convenio, así como para resolver as dúbidas e controversias que puidesen suscitarse, constituirase unha Comisión Mixta de Seguimento,*





## **Concello de Vigo**

*que estará integrada por dous representantes da FEC, dous representantes do Concello de Vigo, da concellaría de Medio Ambiente e Vida Saudable que actuarán como Presidente/a e secretario con voz e voto. Un dos representantes da FEC actuará como Director Técnico do proxecto, sempre supeditado ás decisións colexiadas da Comisión Mixta de Seguimento.*

*A Comisión reunirse cantas veces o solicite, xustificadamente, calquera das partes para avaliar a execución do convenio.*

*As posibles discrepancias, de existir, procuraranse resolver amistosamente no seo desta Comisión e, en última instancia, pola Concellaría delegada de Medio Ambiente e Vida Saudable; resolución que porá fin á vía administrativa e que poderá ser obxecto dos recursos administrativos e xurisdicionais que en dereito procedan.*

### **QUINTA.- Confidencialidade**

*As partes son conscientes do carácter altamente confidencial e sensible da información que a FEC e Concello de Vigo trasládense mutuamente no marco do presente acordo de colaboración. Dita información non poderá ser usada para ningunha outra finalidade distinta á expresamente prevista polas partes en cada momento. Queda ben entendido que a obrigaón de confidencialidade perdurará con carácter indefinido á finalización, por calquera motivo, das relacións existentes entre a FEC e Concello de Vigo.*

### **SEXTA.- Utilización de marcas, signos ou logotipos**

*O Concello de Vigo obrígase a non utilizar, sen o consentimento expreso e escrito por parte da FEC no seo do presente Convenio Marco de Colaboración e dos seus Convenios específicos, imaxes, marcas comerciais, logotipos, etc. propiedade de FEC, quedando ben entendido que os dereitos de propiedade intelectual sobre os mesmos son de exclusiva titularidade da FEC.*

*Do mesmo xeito, a FEC obrígase a non utilizar, sen o consentimento expreso e escrito por parte do Concello de Vigo no seo do presente Acordo Marco de Colaboración e dos seus acordos ou convenios específicos, imaxes, marcas comerciais, logotipos, etc. propiedade do Concello de Vigo, quedando ben entendido que os dereitos de propiedade intelectual sobre os mesmos son de exclusiva titularidade do Concello de Vigo.*

### **SÉTIMA.- Protección de datos**

- 1. As Partes comprométese a cumprir coas obrigaóns que a cada unha delas lles corresponda en virtude da lexislación aplicable en materia de protección de datos persoais.*
- 2. As Partes recoñecen que ningunha delas ten acceso nin trata os datos de carácter persoal dos que a outra Parte é responsable, salvo o estipulado nesta estipulación.*
- 3. Os datos persoais dos representantes de cada unha das Partes serán tratados pola outra Parte, que actuará, independentemente, como responsable dos datos e utilizaraos para cumprir coas obrigaóns establecidas neste Convenio.*

4. Os datos de contacto de cada un dos representantes das Partes son os establecidos ao comezo deste Convenio. Os datos de cada un dos representantes serán tratados coa finalidade de executar este Convenio e os dereitos e obrigacións contidas neste. A base xurídica do tratamento dos datos é a execución deste Convenio, sendo necesarios para a prestación dos servizos previstos.

5. Cada unha das Partes conservará os datos persoais dos representantes da outra Parte mentres este Convenio estea en vigor e, unha vez resolto o Convenio, durante cinco (5) anos con vistas a continuar unha futura relación contractual, e en todo caso, mentres así o requira a lexislación vixente ou en tanto poidan xurdir responsabilidades. Só poderán acceder aos datos persoais dos representantes aquelas terceiras partes que estean legal ou contractualmente vinculadas coas Partes para a prestación de servizos auxiliares necesarios para o normal funcionamento dos servizos obxecto do Convenio. Ningunha das Partes levará a cabo transferencias internacionais dos datos persoais dos representantes.

6. Os representantes de cada unha das Partes poderán exercer, nos termos previstos pola lexislación vixente, o dereito de acceso, rectificación ou supresión dos datos, limitación ou oposición ao tratamento dos datos, así como dereito de portabilidade, mediante comunicación escrita á outra Parte.

7. Os representantes poderán presentar unha reclamación ante a autoridade de control competente.

#### **OITAVA.-Réxime dos contidos e obrigacións das partes. Autorización de uso de nome e logotipo.**

Para o desenvolvemento do obxecto previsto neste convenio de colaboración, e durante toda a súa vixencia, tanto a FEC como o Concello de Vigo poderán divulgar nas diferentes publicacións que editen e nas súas respectivas páxinas web a súa mutua colaboración e empregar o logotipo da outra parte contratante. Se obtivesen ao efecto a autorización a que se refire a Cláusula quinta.

En calquera caso, cada unha das partes asinantes do presente convenio de colaboración comprométese a:

1. Entregar á outra parte as mostras, materiais e deseños onde consten os seus logotipos co fin de que poidan ser utilizados nas accións de desenvolvemento do presente convenio de colaboración.

2. Someter á autorización da outra parte, para a súa revisión antes da súa impresión final e/ou difusión, todos os materiais que reproduzan tanto o seu nome como logotipo.

#### **NOVENA.- Conservación por cada unha das partes dos seus dereitos en material de propiedade intelectual e industrial.**

Nada neste Convenio será considerado coma se algunha das partes cedese á outra ningún dereito título ou interese sobre a outra parte da propiedade intelectual ou industrial que



## Concello de Vigo

*sexan da súa titularidade. As partes conservarán todos os dereitos sobre os seus respectivos nomes, logos, marcas e/ou calquera outros bens protexidos polas normas vixentes en materia de propiedade intelectual ou industrial.*

### **DÉCIMA.- Réxime normativo.**

*Este convenio de colaboración está excluído do ámbito de aplicación da Lei de contratos do sector público ao amparo do establecido nos artigos 4 e 6.2 da Lei 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE e ten, para todos os efectos, carácter xurídico-administrativo, rexéndose polas súas propias estipulacións e, na súa falta, polas normas de Dereito administrativo. As cuestións relativas á súa formalización, cumprimento, interpretación, efectos e extinción serán dilucidadas, en última instancia, polos órganos da xurisdición contencioso-administrativa.*

*En proba de conformidade, os comparecentes asinan electronicamente o presente convenio de colaboración en Vigo, na data da firma electrónica.*

### **ACORDO**

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

### **14(1108).- MODIFICADO Nº 1 DO PROXECTO “OBRAS DE URBANIZACIÓN DOS ESPAZOS INTERSTICIAIS NA ESTACIÓN INTERMODAL DE VIGO”. EXPTE. 561/441.**

Visto o informe xurídico do 07/12/2021 e o informe de fiscalización do 10/12/2021, dáse conta do informe-proposta do 02/12/2021, asinado polo xefe do Servizo Administrativo e Control Orzamentario, xefa do Servizo de Contratación e polo concelleiro -delegado de Fomento e Servizos, que di o seguinte:

#### **Antecedentes.**

**1º.-** A Xunta de Goberno Local, na sesión de data 7 de maio de 2020, acordou aprobar o proxecto de obras de “URBANIZACIÓN DE LOS ESPACIOS INTERSTICIALES EN LA ESTACIÓN INTERMODAL DE VIGO”, subscrito polo Arquitecto D. Marcos Plazuelo López e coa colaboración da Enxeñeira Industrial Elena González Muñoz, cun orzamento base de licitación máis IVE de UN MILLÓN DOUSCENTOS VINTE E SETE MIL SEISCENTOS CINCUENTA E UN EUROS CON SESENTA E SETE CÉNTIMOS (1.227.651,67 €), asinado dixitalmente en abril de 2020.

**2º.-** Con data de 10 de agosto de 2020, a Xunta de Goberno Local acorda adxudicar a CIVIS GLOBAL S.L.U. a contratación das obras de urbanización dos espazos intersticiais na estación intermodal de Vigo (561-441), por un prezo total do contrato de 1.172.248,00 €, sendo a cota correspondente do IVE/IVE de 203.448,00 €.

**3º.-** Con data de 12 de agosto de 2020, o Concelleiro Delegado da área de Fomento e Servizos, nomea como titulares da Dirección Facultativa das citadas obras á Enxeñeira Industrial Dña Begoña Arranz González e ao Enxeñeiro de Camiños, Canles e Portos D. Xacobe Paz Salgado.

**4º.-** Con data de 19 de agosto de 2020 formalízase o contrato de óbralas “URBANIZACIÓN DOS ESPAZOS INTERSTICIALES NA ESTACIÓN INTERMODAL DE VIGO”, entre o Concello de Vigo e a empresa CIVISGLOBAL, S.L.U.

**5º.-** Con data 18 de setembro de 2020 asínase a acta de comprobación de replanteo, dando comezo as obras ao día seguinte.

**6º.-** Con data de 12 de febreiro de 2021 en reunión da comisión de seguimento do convenio entre a Consellería de Infraestruturas e Mobilidade da Xunta de Galicia, o Concello de Vigo e a entidade pública empresarial ADIF\_ALTA VELOCIDADE, para a execución dos accesos e nova viabilidade urbana da contorna da estación intermodal de Vigo acorda a suspensión temporal da obra polas dificultades para compatibilizar os traballos coas obras de Vialía.

**7º.-** Con data de 6 de maio de 2021, a Dirección Facultativa da obra emite informe no que se solicita o inicio do expediente de modificación do proxecto de “URBANIZACIÓN DOS ESPAZOS INTERSTICIALES NA ESTACIÓN INTERMODAL DE VIGO”.

**8º.-** Tendo en conta o anterior, o Concelleiro delegado da área de Fomento e Servizos, con data 10 de maio de 2021 resolve aprobar o inicio do expediente de modificación do proxecto das “OBRAS DE URBANIZACIÓN DOS ESPAZOS INTERSTICIALES NA ESTACIÓN INTERMODAL DE VIGO”.

**9º.-** Con data 11 de xuño de 2021, asínase a acta de conformidade ás modificacións no “PROXECTO CONSTRUTIVO DAS OBRAS DE URBANIZACIÓN DOS ESPAZOS INTERSTICIALES NA ESTACIÓN INTERMODAL DE VIGO” por parte da Consellería de Infraestruturas e Mobilidade da Xunta de Galicia, o Concello de Vigo e a entidade pública empresarial ADIF\_ALTA VELOCIDAD.

**10º.-** Con data 11 de xuño de 2021, asínase a finalización da suspensión da paralización das obras dos espazos intersticiais, fixada para o 14 de xuño de 2021.

**11º.-** Con data 15 de xuño de 2021, a Dirección Facultativa emite proposta técnica motivada solicitando a continuación provisional das obras, polo que o Concelleiro Delegado da Área de Fomento, en data 25.06.2021 ditou resolución acordando á continuidade provisional das obras de "URBANIZACIÓN DOS ESPAZOS INTERSTICIAIS NA ESTACIÓN INTERMODAL DE VIGO", nos termos da proposta técnica da dirección facultativa de data 15.06.2021. En consecuencia emitíuse documento contable AD nº 202100059122 por importe de 52.580,12 euros.

**12º.-** Con data de 7 de xullo de 2021 en reunión da comisión de seguimento do convenio entre a Consellería de Infraestruturas e Mobilidade da Xunta de Galicia, o Concello de Vigo e a entidade pública empresarial ADIF\_ALTA VELOCIDADE, para a execución dos accesos e nova viabilidade urbana da contorna da estación intermodal de Vigo acorda a suspensión parcial temporal das obras de espazos intersticiais no tramo comprendido entre a estación de autobuses e a entrada de vehículos no centro comercial, por dificultades para compatibilizar os traballos de colocación da fachada de Vialía e a execución do 14 na obra de accesos.



## Concello de Vigo

13º.- Pola dirección facultativa da obra emítese informe que consta no expediente, de data 29 de outubro de 2021, no seguinte sentido:

### **II.- MODIFICACIÓNS**

Neste apartado inclúense as modificacións fundamentais contidas no proxecto modificado n.º1.

#### **II.1. Modificacións derivadas das condicións de encontro coas obras da contorna.**

Con data 30 de xullo de 2021 apróbase o PROXECTO MODIFICADO N.º 1 DAS OBRAS DE "REMODELACIÓN DEL ENLACE DEL P.K. 5+000 DE LA AUTOPISTA AP-9V. TRAMOS: CONEXIÓN ESTACIÓN INTERMODAL-AP 9, TÚNEL LEPANTO-AP 9 E INSTALACIONES Y BALIZAMIENTOS". EXPTE. 359/441; dentro das modificacións expostas atópase a nova proposta do eixo 14 do proxecto e redefinición da pasarela existente no PK0+480 (que non é accesible na marxe esquerda) de modo que se poida alcanzar condicións de accesibilidade en ambas as marxes, conectando a parte baixa e alta da cidade.

Devandito re-estudo supón mover parcialmente o eixo 14, o que afecta o proxecto de obras de urbanización de Espazos Intersticiais, aumentando a superficie dos espazos intersticiais e afastando a construción da pasarela da situación inicial. Para conseguir integrar dita obra co resto de actuacións en desenvolvemento, considérase conveniente a re-elaboración do trazado dos espazos intersticiais en planta e rasante, así como a continuidade do vial peonil ata a nova situación da pasarela contemplada na modificación do proxecto de accesos.

Á vista destas circunstancias expostas, as modificacións baséanse principalmente nas seguintes liñas de actuación:

A) No trazado do espazo comprendido entre o acceso ao aparcamento do centro comercial e o acceso ao peirao de carga amplíase o ancho do vial peonil e a lonxitude do mesmo ata conectar coa nova situación da pasarela peonil sobre a AP-9, o cal supón un aumento de superficie a urbanizar.

Modifícase ademais a cota da rasante, elevándoa á cota do eixo 14 da obra de accesos, eliminando o paso inferior peonil baixo o acceso ao peirao de carga previsto no proxecto orixinal. Este aumento na cota de rasante obriga a executar unha nova escaleira de formigón para conectar a saída de evacuación do aparcadoiro do CC Vialia coa nova rasante.

En consecuencia xorden as seguintes modificacións:

No Capítulo 1 de Traballos previos e demolicións, debido ao aumento da cota de rasante redúcense as demolicións de muros de formigón incluídas no proxecto orixinal. Asemade, para manter a saída de evacuación baixo o peirao de carga, é necesaria a demolición parcial dun muro de formigón armado duns 30 cms de espesor na súa coroación e de 70 cms baixo a rasante para a apertura dun oco de paso, no que será necesario executar unha

escaleira de para acadar á nova rasante, xa que nese punto a cota é superior á contemplada no proxecto orixinal. Vese alterado o seguinte capítulo do orzamento:

#### 01. Traballos previos e demolicións

No Capítulo 2 de Preparación terreo, explanacións e contencións, varíanse os traballos de escavación e explanación relacionados coa proposta do proxecto orixinal no sector 5, así como a actualización dos movementos de terra e de entibacións necesarios para a execución de diferentes unidades de obra, todo isto debido ao aumento de superficie e cota de rasante.

Prevese a execución dun novo muro situado no sector 5 que xorde pola necesidade de conter as terras na escaleira nova de evacuación do aparcadoiro do CC. Vialia, derivada do aumento de cota de rasante nese punto . Asemade, algúns elementos de contención e outros auxiliares ven incrementados no proxecto modificado de Espazos Intersticiais.

Vese alterado por estas modificacións o seguinte capítulo do orzamento:

#### 02. Preparación do terreo, explanación e contencións

No Capítulo 3 de Pavimentos e Solados, prodúcense reducións e aumentos de medición dalgunhas superficies pavimentadas, principalmente como consecuencia do cambio de rasante, do aumento no ancho en determinadas zonas e o aumento de extensión na superficie a pavimentar, derivada de alargar a pavimentación ata a conexión da pasarela sobre a autoestrada contemplada no proxecto de accesos, a cal desplazouse da súa posición orixinal afastándoa uns metros, o que supón o nacemento do sector 6 ata o seu encontro. Vese alterado por estas modificacións o seguinte capítulo do orzamento:

#### 03. Pavimentos e solados

No Capítulo 4 de Saneamento, en esencia, mantense o mesmo sistema de saneamento definido no proxecto orixinal, pero incrementanse e recortan algunhas unidades e metros lineais de diversos elementos para axustarse ás novas condicións derivadas da modificación en planta e perfil da rasante para axustarse ao eixo 14. Vese alterado por estas modificacións o seguinte capítulo do orzamento:

#### 04. Saneamento

No Capítulo 5 de Abastecemento e Rego, reflíctense os correspondentes aumentos nos trazados de tubaxes de rego para abarcar o novo sector 6, conexión coa nova pasarela sobre a AP-9. Vese alterado por estas modificacións o seguinte capítulo do orzamento:

#### 5.02. Rego

No Capítulo 6 de Xardinería e arborado, debido ao cambio de rasante do eixo 14, elimínase do proxecto modificado a partida de lámina de geomalla para a protección dos noiros que existían no sector 5 do proxecto orixinal.



## Concello de Vigo

Ademais incorpóranse os correspondentes aumentos en superficie de substrato e unidades de determinadas especies arbustivas e arbóreas, necesarias para abarcar o novo sector 6 ata a súa conexión coa nova pasarela sobre a AP-9. Vese alterado por estas modificacións o seguinte capítulo do orzamento:

### 06. Xardinería e arborado

No Capítulo 8 de Mobiliario Urbano, mencionar unicamente o aumento dalgún banco prefabricado de formigón proposto para o novo sector 6, conexión coa pasarela sobre a autoestrada. Vese alterado por estas modificacións o seguinte capítulo do orzamento:

### 08. Mobiliario urbano

No Capítulo 9 de Sinalización, rótulos e marcas viais, unicamente advertir os correspondentes aumentos de pictogramas indicativos sobre o pavimento qu e abarca o sector 6 ata a súa conexión coa nova pasarela sobre a AP-9. Vese alterado por estas modificacións o seguinte capítulo do orzamento:

### 09. Sinalización, rótulos e marcas viais

No Capítulo 10 de Varandas e proteccións, sinalar os correspondentes aumentos en varandas e pasamanos como consecuencia do cambio de rasante do eixo 14 e da incorporación da escaleira de evacuación ascendente do aparcadoiro do CC. Vialia e plataformas da Estación de Trens, incorporación derivada da necesidade de conectar a saída de evacuación coa nova cota de rasante nesa zona, a cal resulta maior que a contemplada no proxecto.

Vese alterado por estas modificacións o seguinte capítulo do orzamento:

### 10. Varandas e proteccións

No Capítulo 14 de Xestión de Residuos, se contemplan os correspondentes aumentos na xestión de terras a entulleira e pedras de escavación como consecuencia dos axustes realizados polo cambio en planta e rasante do eixo 14, o que obriga a modificar a rasante e superficie nos diferentes sectores do proxecto de intersticiais.

Vese alterado por estas modificacións o seguinte capítulo do orzamento:

### 14. Xestión de residuos

B) Como consecuencia do aumento de superficie dos espazos intersticiais e da necesidade de continuidade ata a pasarela, é necesario-a revisión e recálculo da rede de iluminación, sendo necesario realizala a nivel global do proxecto para a súa integración no conxunto das obras, co obxecto de conseguir niveles lumínicos da nova superficie que cumpran os

parámetros marcados na lexislación vixente. Vese alterado por estas modificacións o seguinte capítulo do orzamento:

#### 07. Alumbrado público

C) A consecuencia da modificación en planta do eixo 14 resulta necesaria a revisión da solución exposta no proxecto para a execución do arquetón, tendo que reubicar o acceso de home e portón estanco, o que obriga a reforzar a losa existente, modificar a situación das escaleiras de accesos e sendo necesario instalar un ponte-guindastre con culler bivalva para poder realizar as labores de mantemento.

Debido a estas modificacións da xeometría é necesario restudar a ventilación e iluminación, adaptando o mesmo á nova dimensión da apertura do arquetón, e cumprindo coa ITC- BT-29.

Vese alterado por estas modificacións o seguinte capítulo do orzamento:

#### 12. Pozo de decantación

### **II.2. Modificacións derivadas de redes de servizos existentes distintas das recollidas no proxecto**

Unha vez comezadas as obras, en coordinación cos titulares das redes de servizos afectados, revísanse os servizos existentes, detectando a traza dun colector de saneamento de diámetro 1200 mm que transcorre baixo o futuro eixo 14 da obra de accesos, non estando contemplado no proxecto orixinal de Espazos Intersticiais. Debido á imposibilidade de realizar mantementos posteriores se finalmente queda o colector baixo un vial destas características, considérase necesario o seu retranqueo e recolocación na zona dos espazos intersticiais.

Se atendemos aos capítulos e unidades de obra principais do proxecto, as modificacións distribúense da seguinte maneira:

No Capítulo 1 de Traballos previos e demolicións, debido ás tarefas de recolocación da traza de colectores de 1200, inclúense neste apartado os traballos de demolición para a apertura de oco baixo o peirao de carga, necesarios para o seu retranqueo. Vese alterado o seguinte capítulo do orzamento:

#### 01. Traballos previos e demolicións

No Capítulo 4 de Saneamento, incorpórase os traballos necesarios para retranqueo e execución de colector prefabricado de formigón de augas residuais e de diámetro 1200 mm que ía quedar baixo o futuro eixo 14. Vese alterado o seguinte capítulo do orzamento:

#### 04. Saneamento





## Concello de Vigo

No Capítulo 14 de Xestión de Residuos, se contemplan os correspondentes aumentos na xestión de terras a vertedoiro e pedras de escavación como consecuencia da execución dos novos colectores de 1200 mm. Vese alterado o seguinte capítulo do orzamento:

### 14. Xestión de residuos

### **III.- OBXECTIVO E PROPOSTA DA MODIFICACIÓN**

En relación á xustificación das modificacións citadas debemos atender a que no apartado 14 C das FEC (Follas Específicas do Contrato) do Prego de Cláusulas Administrativas reitor do contrato, sobre as circunstancias que determinan a modificación, contémlanse as seguintes:

- que no ámbito afectado polas obras aparezan redes de servizos, construcións soterradas, elementos de protección arqueolóxica, condicións xeotécnicas, estado das estruturas e contencións existentes distintas das recollidas no proxecto.
- a necesidade de resolver adecuadamente a relación ou encontro das obras obxecto deste contrato coa nova Estación Intermodal de Vigo (que inclúe a Estación de Ferrocarril, a Terminal de Autobuses e o Centro Comercial Vialia) e deste modo acadar unha imaxe do conxunto de actuacións, de conformidade coa solución aprobada definitivamente polas entidades competentes para cada unha das obras.

Tendo en conta o anterior, indicar que todas as modificacións recollidas no presente proxecto modificado n.º 1 xorden a causa de circunstancias previstas no PCAP da licitación, segundo o citado anteriormente.

Aínda que todas as circunstancias indicadas foron previstas no PCAP reitor do contrato, as modificacións referentes ás citadas circunstancias (tanto as derivadas da aparición de redes de servizo, construcións soterradas como as derivadas das condicións de encontro coas obras da contorna) obrigan a introdución de novos prezos unitarios non previstos no contrato nos seguintes capítulos :

- Capítulo 04. Saneamiento
- Capítulo 7 Alumbrado Público
- Capítulo 12 Pozo de decantación

Polo que ditas modificacións non se axustan ao establecido no artigo 204 da LCSP, e se limitan a introducir as variacións estritamente indispensables e que son necesarias para responder a ditas causas obxectivas. Asemade, ditas modificacións non son substanciais no sentido indicado no apartado 2.c) do artigo 205 da LCSP, xa que a obra resultante coas modificacións descritas non requiren clasificación do contratista diferente á da licitación orixinal, non se introducen unidades de obra novas que representen máis do 50 por cento do orzamento inicial do contrato nin tampouco amplía o ámbito do contrato, xa que coas modificacións non se supera o 15% do prezo inicial do contrato nin se encontran as novas obras propostas no ámbito doutro contrato iniciado.

O resto das modificacións recollidas no proxecto modificado axústanse ao establecido no artigo 204 da LCSP de modificacións previstas no PCAP reitor do contrato.

#### **IV.- PROPOSTA DE VARIACIÓN DE UNIDADES DO PROXECTO RELATIVO ÚNICAMENTE A ALTERACIÓN DAS MEDICIÓNS REAIS EXECUTADAS**

O artigo 160.2 da RD 1098/2001, polo que se aproba o Regulamento Xeral da Lei de Contratos das Administracións Públicas indica:

1. Só poderán introducirse variacións sen previa aprobación cando consistan na alteración no número de unidades realmente executadas sobre as previstas nas medicións do proxecto, sempre que non representen un incremento do gasto superior ó 10 por 100 do prezo primitivo do contrato, imposto sobre o valor engadido excluído.

2.- As variacións mencionadas no punto anterior, respectando en todo caso o límite previsto nel, iranse incorporando ás relacións valoradas mensuais e deberán ser recollidas e aboadas nas certificacións mensuais, conforme o prescrito no artigo 145 da lei, ou con cargo ao crédito adicional do 10 por 100 a que alude a disposición adicional décimo cuarta da lei, na certificación final á que se refire o artigo 147.1 da lei, unha vez cumpridos os trámites sinalados no artigo 166 desde regulamento. Non obstante, cando con posterioridade ás mesmas **houbera necesidade de introducir no proxecto modificacións das previstas no artigo 146 da lei, deberán ser recollidas tales variacións na proposta que se elabore, sen necesidade de esperar para facelo á certificación final citada**".

Recóllense polo tanto no presente proxecto modificado nº1 as variacións de unidades do mesmo relativas ao incremento/diminución de medición das unidades existentes conforme ao artigo 242.4i) da LCSP.

#### **V.- DESGLOSE DE MODIFICACIÓNS E VARIACIÓNS POR CAPÍTULOS DO ORZAMENTO**

Nos seguintes puntos sinálanse as modificacións estruturadas nos capítulos establecidos no Orzamento do Proxecto.

##### **01. Traballos previos e demolicións**

Inclúense neste capítulo as variacións nos traballos de demolición, a causa do cambio de rasante e aumento de superficie - motivados polas condicións de encontro coas obras da contorna, modificación do eixo 14 na obra de accesos- e pola recolocación do colector de diámetro 1200 mm - aparición de redes de servizos distintas das recollidas no proxecto-.

En canto ao balance resultante de aumentos e reducións xerais nas unidades de obra do proxecto supón:

CODIGO	UD	DESCRIPCION	PROYECTO ORIGINAL			PROYECTO MODIFICADO Nº1			MOD-PRO DIFERENCI A
			MEDICION	PRECIO	IMPORTE	MEDICION	PRECIO	IMPORTE	
CAPÍTULO 01 TRABAJOS PREVIOS Y DEMOLICIONES					4.830,60			4.073,13	-757,47



## Concello de Vigo

CODIGO	UD	DESCRIPCION	PROYECTO ORIGINAL			PROYECTO MODIFICADO Nº1			MOD-PRO
			MEDICION	PRECIO	IMPORTE	MEDICION	PRECIO	IMPORTE	DIFERENCIA
1,01	m <sup>2</sup>	LEVANTADO A MÁQUINA FIRME BASE GRAN.	400,00	4,34	1.736,00	400,00	4,34	1.736,00	0,00
1,02	m <sup>2</sup>	LEVANTADO A MÁQUINA SOLERAS LIGERAS	400,00	1,19	476,00	400,00	1,19	476,00	0,00
1,03	m <sup>3</sup>	DEMOLICIÓN MURO HORMIGÓN ARMADO C/COMPRESOR	27,76	94,33	2.618,60	19,73	94,33	1.861,13	-757,47

Inclúese a continuación cadro resumen coas partidas nas que se desglosan as variacións segundo o artigo 242.4i) , segundo o artigo 205, e segundo o artigo 204 da LCSP:

CODIGO	UD	DESCRIPCION	VARIACIONES DE MEDICIÓN art. 242.4i			MODIFICACIONES art. 205			MODIFICACIONES art. 204		
			MEDICION	PRECIO	IMPORTE	MEDICION	PRECIO	IMPORTE	MEDICION	PRECIO	IMPORTE
<b>CAPÍTULO 01 TRABAJOS PREVIOS Y DEMOLICIONES</b>					0,00			0,00			-757,47
1,01	m <sup>3</sup>	LEVANTADO A MÁQUINA FIRME BASE GRAN.	0,00	4,34	0,00	0,00	4,34	0,00	0,00	4,34	0,00
1,02	m <sup>2</sup>	LEVANTADO A MÁQUINA SOLERAS LIGERAS	0,00	1,19	0,00	0,00	1,19	0,00	0,00	1,19	0,00
1,03	m <sup>3</sup>	DEMOLICIÓN MURO HORMIGÓN ARMADO C/COMPRESOR	0,00	94,33	0,00	0,00	94,33	0,00	-8,03	94,33	-757,47

## 02. Preparación do terreo, explanación e contencións

Inclúense neste capítulo as variacións nos traballos de escavación, explanación, movementos de terras, entibacións, elementos de contencións, etc.. así como os necesarios para execución de muro de formigón, debido ao cambio da rasante e aumento de superficie - motivados polas condicións de encontro coas obras da contorna, modificación do eixo 14 na obra de accesos-.

En canto ao balance resultante de aumentos e reducións xerais nas unidades de obra do proxecto, supón:

CODIGO	UD	DESCRIPCION	PROYECTO ORIGINAL			PROYECTO MODIFICADO Nº1			MOD-PRO
			MEDICION	PRECIO	IMPORTE	MEDICION	PRECIO	IMPORTE	DIFERENCIA
<b>CAPÍTULO 02 PREPARACIÓN DEL TERRENO, EXPLANACIÓN Y CONTENCIÓNES</b>					120.743,96			176.013,76	55.269,80
2,01	m <sup>3</sup>	EXCAVACIÓN CUALQUIER TIPO DE TERRENO EN EXPLANACIÓN	3.129,66	6,06	18.965,74	2.630,78	6,06	15.942,53	-3.023,21
2,02	m <sup>3</sup>	EXCAVACIÓN EN ZANJA CUALQUIER TIPO DE TERRENO	1.241,50	19,71	24.469,97	2.344,34	19,71	46.206,94	21.736,97
2,03	m <sup>2</sup>	ENTIBACIONES METÁLICAS EN ZANJAS	711,50	12,46	8.865,29	2.067,30	12,46	25.758,56	16.893,27
2,04	m <sup>2</sup>	ENTIBACIONES LIGERAS EN ZANJAS	463,40	4,25	1.969,45	519,80	4,25	2.209,15	239,70
2,05	m <sup>3</sup>	RELLENO ZANJAS MATERIAL PRESTAMO	1.318,27	6,55	8.634,67	1.900,12	6,55	12.445,79	3.811,12
2,06	m <sup>3</sup>	TERRAPLENADO TERRENO PRÉSTAMO HORMIGÓN LIMP. HL-150/P/20 VERTIDO MANUAL	1.646,52	3,32	5.466,45	1.699,02	3,32	5.640,75	174,30
2,07	m <sup>3</sup>	HORMIGÓN HA-25/B/20/IIIa+Qa ZAP. V. GRÚA	8,52	58,43	497,82	26,52	58,43	1.549,56	1.051,74
2,08	m <sup>3</sup>	HORMIGÓN HA-25/B/20/IIIa+Qa ZAP. V. GRÚA	38,38	132,88	5.099,93	52,81	132,88	7.017,39	1.917,46
2,09	m <sup>3</sup>	MURO DE GAVIONES	479,03	82,98	39.749,91	573,73	82,98	47.608,12	7.858,21
2,10	m <sup>3</sup>	HORM. ARM. HA-25 MUROS a 2 caras	32,76	214,43	7.024,73	54,26	214,43	11.634,97	4.610,24

Inclúese a continuación cadro resumen coas partidas nas que se desglosan as variacións segundo o artigo 242.4i) , segundo o artigo 205, e segundo o artigo 204 da LCSP:

CODIGO	U D	DESCRIPCION	VARIACIONES DE MEDICIÓN art. 242.4i			MODIFICACIONES art. 205			MODIFICACIONES art. 204		
			MEDICION	PRECIO	IMPORTE	MEDICION	PRECIO	IMPORTE	MEDICION	PRECIO	IMPORTE
<b>CAPÍTULO 02 PREPARACIÓN DEL TERRENO, EXPLANACIÓN Y CONTENCIÓNES</b>					<b>238,42</b>			<b>0,00</b>			<b>55.031,38</b>
2,01	m³	EXCAVACIÓN CUALQUIER TIPO DE TERRENO EN EXPLANACIÓN	0,00	6,06	0,00	0,00	0,00	0,00	-498,88	6,06	-3.023,21
2,02	m³	EXCAVACIÓN EN ZANJA CUALQUIER TIPO DE TERRENO	0,00	19,71	0,00	0,00	19,71	0,00	1.102,84	19,71	21.736,97
2,03	m²	ENTIBACIONES METÁLICAS EN ZANJAS	0,00	12,46	0,00	0,00	12,46	0,00	1.355,80	12,46	16.893,27
2,04	m²	ENTIBACIONES LIGERAS EN ZANJAS	0,00	4,25	0,00	0,00	4,25	0,00	56,40	4,25	239,70
2,05	m³	RELLENO ZANJAS MATERIAL PRESTAMO	36,40	6,55	238,42	0,00	6,55	0,00	545,45	6,55	3.572,70
2,06	m³	TERRAPLENADO TERRENO PRÉSTAMO	0,00	3,32	0,00	0,00	3,32	0,00	52,50	3,32	174,30
2,07	m³	HORMIGÓN LIMP. HL-150/P/20 VERTIDO MANUAL	0,00	58,43	0,00	0,00	58,43	0,00	18,00	58,43	1.051,74
2,08	m³	HORMIGÓN HA-25/B/20/IIIa+Qa ZAP. V. GRÚA	0,00	132,88	0,00	0,00	132,88	0,00	14,43	132,88	1.917,46
2,09	m³	MURO DE GAVIONES	0,00	82,98	0,00	0,00	82,98	0,00	94,70	82,98	7.858,21
2,10	m³	HORM. ARM. HA-25 MUROS a 2 caras	0,00	214,43	0,00	0,00	214,43	0,00	21,50	214,43	4.610,24

### 03. Pavimentos e solados

Unicamente prodúcense reducións e aumentos de medición dalgunhas superficies pavimentadas, principalmente como consecuencia do cambio de rasante do eixo 14 e o aumento de extensión que supón a xeración do sector 6 ata conectar coa nova pasarela sobre a AP-9, motivados polas condicións de encontro coas obras da contorna-.

En canto ao balance resultante de aumentos e reducións xerais nas unidades de obra do proxecto, supón:

CODIGO	U D	DESCRIPCION	PROYECTO ORIGINAL			PROYECTO MODIFICADO Nº1			MOD-PRO
			MEDICION	PRECIO	IMPORTE	MEDICION	PRECIO	IMPORTE	DIFERENCIA
<b>CAPÍTULO 03 PAVIMENTOS Y SOLADOS</b>					<b>100.788,47</b>			<b>114.219,01</b>	<b>13.430,54</b>
3,01	m³	ZAHORRA ARTIFICIAL EN SUBBASE	823,26	8,20	6.750,73	649,70	8,20	5.327,54	-1.423,19
3,02	m²	PAVIMENTO DE HORMIGÓN LAVADO 20 cm	2.968,57	25,20	74.807,96	2.484,52	25,20	62.609,90	-12.198,06
3,03	m²	PAVIMENTO HORMIGÓN SEMIPULIDO 15 cm COLOR ROJO	429,50	27,75	11.918,63	919,00	27,75	25.502,25	13.583,62
3,04	m²	PAVIMENTO BALDOSA CEMENTO 30x30 RELIEVE	62,41	18,92	1.180,80	90,56	18,92	1.713,40	532,60
3,05	m²	SOLERA HA-25 HORMIGÓN BLANCO SEMIPULIDO 20 cm	29,00	28,19	817,51	71,18	28,19	2.006,56	1.189,05
3,06	m³	HA-25/P/20/IIa BLANCO VISTO ESCALERAS	4,14	401,73	1.663,16	31,17	401,73	12.521,92	10.858,76
3,07	m²	REJA ELECTROSOLDADA METÁLICA	55,50	65,76	3.649,68	69,00	65,76	4.537,44	887,76

Inclúese a continuación cadro resumen coas partidas nas que se desglosan as variacións segundo o artigo 242.4i), segundo o artigo 205, e segundo o artigo 204 da LCSP:



## Concello de Vigo

CODIGO	UD	DESCRIPCION	VARIACIONES DE MEDICIÓN art. 242.4i			MODIFICACIONES art. 205			MODIFICACIONES art. 204		
			MEDICION	PRECIO	IMPORTE	MEDICION	PRECIO	IMPORTE	MEDICION	PRECIO	IMPORTE
<b>CAPÍTULO 03 PAVIMENTOS Y SOLADOS</b>					<b>0,00</b>			<b>0,00</b>			<b>13.430,54</b>
3,01	m <sup>3</sup>	ZAHORRA ARTIFICIAL EN SUBBASE	0,00	8,20	0,00	0,00	8,20	0,00	-173,56	8,20	-1.423,19
3,02	m <sup>2</sup>	PAVIMENTO DE HORMIGÓN LAVADO 20 cm	0,00	25,20	0,00	0,00	25,20	0,00	-484,05	25,20	12.198,06
3,03	m <sup>2</sup>	PAVIMENTO HORMIGÓN SEMIPULIDO 15 cm COLOR ROJO	0,00	27,75	0,00	0,00	27,75	0,00	489,50	27,75	13.583,62
3,04	m <sup>2</sup>	PAVIMENTO BALDOSA CEMENTO 30x30 RELIEVE	0,00	18,92	0,00	0,00	18,92	0,00	28,15	18,92	532,60
3,05	m <sup>2</sup>	SOLERA HA-25 HORMIGÓN BLANCO SEMIPULIDO 20 cm	0,00	28,19	0,00	0,00	28,19	0,00	42,18	28,19	1.189,05
3,06	m <sup>3</sup>	HA-25/P/20/IIa BLANCO VISTO ESCALERAS	0,00	401,73	0,00	0,00	401,73	0,00	27,03	401,73	10.858,76
3,07	m <sup>2</sup>	REJA ELECTROSOLDADA METÁLICA	0,00	65,76	0,00	0,00	65,76	0,00	13,50	65,76	887,76

### 04. Saneamento

Inclúese neste capítulo dúas novas unidades de obra (con novo prezo unitario) para execución do retranqueo do colector de augas residuais – motivado polas aparición de redes de servizos existentes distintas das recollidas no proxecto-.

CODIGO	UD	DESCRIPCION	PRECIO	MEDICION	IMPORTE
PN1	UD	POZO RECTANGULAR ELEMENTO COMUN	471,71	5,00	2.358,55
PN2	ML	FUSTE POZO RECTANGULAR	267,84	19,40	5.196,10

Asemade, pola mesma circunstancia, inclúese unha nova unidade de obra non contemplada no proxecto con prezo contemplado no anexo V "Cadro de prezos unitarios a aplicar en caso de modificación ao contrato" do PCAP reitor do contrato:

CODIGO	UD	DESCRIPCION	PRECIO	MEDICION	IMPORTE
U07OEC270	ML	TUBO HORMIGON 1200	194,39	137,60	26.748,06

IV.- Con data 09 de novembro de 2021, Aqualia-FCC Vigo UTE” (en adiante a concesionaria) presentou o Proxecto de “**RENOVACIÓN DO ABASTECIMENTO NA RÚA ROSAL FLORIDO E CONTORNA- SAMPAIO**”, redactado polo Enxeñeira de Camiños Canles e Portos Maria Trinidad Lepez Rodriguez cun orzamento base de licitación máis IVE de UN MILLON DOUSCENTOS VINTE E OITO MIL CUATROCIENTOS NOVE EUROS CON DAZANOVE CÉNTIMOS (1.228.409,19 EUROS) e data Xullo de 2021. e UN MILLÓN

QUINCE MIL DOUSCENTOS CATORCE EUROS CON VINTE E UN CENTIMOS (1.015.214,21), sin IVE, o proxecto dispon de sinatura dixital de data 29/10/2021.

V.- Con esa mesma data, a empresa concesionaria presenta os custes asociados correspondentes ao proxecto de referencia e que se detallan a continuación:

TRABALLO	COLABORADOR	HONORARIOS
Redacción de proxecto		17.062,42 €
Asistencia técnica á D.O.	Galaicontrol	17.062,42 €
Coordinación de seguridade e saúde	Oscar Pereiro Taibo - CSM	4.265,61 €
	SUMA	38.390,45 €
	11% Gastos de Xestión	4.222,95 €
	TOTAL (IVE excluído)	42.613,40 €

VI.- O Xefe da Oficina de Supervisión de Proxectos D. Aurelio Adán Fernández, con data 24 de novembro de 2021, emite informe favorable sobre o proxecto presentado, indicando que a documentación considérase completa, e que o proxecto toma en consideración as disposicións xerais de carácter legal e regulamentario, así como a normativa técnica de aplicación.

VII.- Con data 25 de novembro de 2021 o Enxeñeiro de Camiños, Canais e Portos Municipal, emite informe no que indica, que as porcentaxes consideradas respecto do PEM do proxecto para o cálculo dos honorarios dos traballos de Redacción, Asistencia e Coordinación de seguridade e saúde, se corresponden cos «ratios» aprobados na Xunta de Goberno Local de data 08 de marzo de 2013 dentro do procedemento de control das obras de inversións da entidade concesionaria e é adecuado ao custe do mercado actual.

### **Consideracións Técnicas e Xurídicas**

I. Aínda que a execución do proxecto de obras, obxecto do presente expediente, será realizada pola concesionaria do servizo municipal de augas FCC Aqualia Vigo UTE, como actuación do plan de inversións aprobado para a segunda prórroga do contrato, arriba referida, e, daquela, non será obxecto dun específico procedemento de contratación, tal execución require igualmente, conforme ao establecido no artigo 231 da LCSP para a adxudicación do contrato de obras, a previa elaboración, supervisión, aprobación e replanteo do correspondente proxecto de obras que definirá con precisión o obxecto do contrato.

II.- O proxecto de obras foi obxecto de supervisión pola Oficina de Supervisión de Proxectos municipal e, segundo resulta dos informes técnicos que obran no expediente, o proxecto cumpre cos obxectivos da actuación proposta, refírese a unha obra completa e nel tivéronse en conta as disposicións xerais de carácter legal e regulamentario: o proxecto reúne os contidos mínimos e as esixencias que sinalan os artigos 233 LCSP e 125 a 133 do Regulamento Xeral da Lei de Contratos das Administracións Públicas, aprobado por Real Decreto 1098/2001, de 12 de outubro, para os proxectos de obras que deban ser obxecto de



## Concello de Vigo

específico procedemento de adxudicación, e axústase á normativa técnica de aplicación ao mesmo, tal e como resulta da táboa que figura no informe da Oficina de Supervisión de Proxectos Municipal, na que pormenorizadamente e con indicación da súa concreta localización no documento, se especifican os requisitos legais, regulamentarios e técnicos que reúne o proxecto.

III.- O proxecto, segundo vai dito, executarase pola concesionaria do servizo municipal de augas FCC Aqualia Vigo UTE, en cumprimento do plan de inversións correspondente a segunda prórroga do contrato de xestión de servizo público, en forma de concesión, da “Xestión Integral do Servizo Municipal de Abastecemento de Auga e Saneamento de Vigo”, outorgada polo Pleno da Corporación Municipal o 25/10/1990. A aprobación do proxecto corresponde ao órgano de contratación, a tenor do disposto no artigo 231 da LCSP, que de acordo coa disposición adicional 2ª.4 da LCSP, é a Xunta de Goberno Local e de conformidade, tamén, co establecido no procedemento a seguir para a execución das obras incluídas nos Plans de Investimentos da Concesión, aprobado pola Xunta de Goberno Local en acordo de 8 de marzo de 2013.

Polo que á vista do exposto, propónse á Xunta de Goberno Local a adopción do seguinte:

### ACORDO

**Primeiro.-** Aprobar o proxecto técnico de “**RENOVACIÓN DO ABASTECIMENTO NA RÚA ROSAL FLORIDO E CONTORNA- SAMPAIO**”; redactado pola Enxeñeira de Camiños Canles e Portos Maria Trinidad López Rodríguez cun orzamento base de licitación máis IVE de UN MILLON DOUSCENTOS VINTE E OITO MIL CUATROCIENTOS NOVE EUROS CON DAZANOVE CÉNTIMOS (1.228.409,19 EUROS) e data Xullo de 2021. e UN MILLON QUINCE MIL DOUSCENTOS CATORCE EUROS CON VINTE E UN CENTIMOS (1.015.214,21), sin IVE, o proxecto dispon de sinatura dixital de data 29/10/2021.

**Segundo.-** Aprobar os custes asociados ao proxecto de “**RENOVACIÓN DO ABASTECIMENTO NA RÚA ROSAL FLORIDO E CONTORNA- SAMPAIO**” por un importe de 42.613,40 €, (IVE excluído) desagregado do seguinte xeito:

TRABALLO	COLABORADOR	HONORARIOS
Redacción de proxecto		17.062,42 €
Asistencia técnica á D.O.	Galaicontrol	17.062,42 €
Coordinación de seguridade e saúde	Oscar Pereiro Taibo - CSM	4.265,61 €
	SUMA	38.390,45 €
	11% Gastos de Xestión	4.222,95 €
	TOTAL (IVE excluído)	42.613,40 €

**Terceiro.-** Notifíquese aos interesados a presente resolución, con indicación de que a mesma é definitiva en vía administrativa e que contra ela poderán interpor recurso

potestativo de reposición ante o mesmo órgano do que procede a mesma, dentro do prazo dun mes que comenza ao día seguinte ao da súa notificación, ou impugnala directamente ante o Xulgado do Contencioso-Administrativo de Vigo, no prazo de dous meses. Sen prexuízo de que poida exercitar, no seu caso, calquera outro recurso administrativo que estime procedente.

Para o caso de formular recurso potestativo de reposición non poderá interpoñer recurso contencioso-administrativo ata que sexa resolto expresamente o de reposición ou se produza a súa desestimación presunta polo transcurso do prazo dun mes sen dictar e notificar a resolución do recurso.

### **ACORDO**

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

### **16(1110).- PROPOSTA DE APROBACIÓN DO PROXECTO E CUSTES ASOCIADOS PARA A “MELLORA DA ESTACIÓN DE BOMBEO DE AUGAS RESIDUAIS DE BOUZAS”. EXPTE. 919/441.**

Visto o informe de fiscalización do 09/12/2021, dáse conta do informe-proposta da mesma data, asinado polox efe do Servizo Administrativo e de Control Orzamentario, o xefe do Servizo xurídico de Servizos Xerais e polo concelleiro-delegado de Fomento e Servizos, que di o seguinte:

#### **Antecedentes**

I.- A Xunta de Goberno Local, en sesión de 30 de decembro de 2020, acordou a prórroga, con efectos dende o 1 de xaneiro de 2021 ata o 31 de decembro de 2025, da concesión administrativa da “Xestión Integral do Servizo Municipal de Abastecemento de Auga e Saneamento de Vigo”, outorgada polo Pleno da Corporación Municipal o 25/10/1990, á U.T.E. “SERAGUA-FOCSA VIGO”, hoxe denominada, abreviadamente “FCC Aqualia Vigo UTE”, con arranxo ás condicións económico-administrativas establecidas na cláusula primeira do contrato.

II.- No devandito acordo de prórroga, no apartado primeiro, recóllese a execución dun plan de investimentos, cuxa contía anual se especifica no cadro que figura no mesmo apartado primeiro, baixo o título “outros investimentos”; plan de investimentos que se concretará nos correspondentes proxectos técnicos que deberán observar o procedemento acordado pola XGL en sesións de datas 08.03.2013 e 22.03.2013 (modificado en data 06.05.2021), o informe “análise de necesidades de investimento a curto prazo para a xestión do ciclo integral da auga” de data 28.12.2020 e o cadro de prezos das unidades de obra que rexerán nas obras de inversión da dita concesionaria, aprobado pola XGL en data 22.03.2013.

III.- Con data 07 de maio de 2021 os enxeñeiros municipais, D. Xacobe Paz Salgado e D. Jerónimo Centrón Castaños emiten informe sobre a necesidade de iniciar a actuación consistente na “**MELLORA DA ESTACIÓN DE BOMBEO DE AUGAS RESIDUAIS DE BOUZAS**”; informe ao abeiro do cal, o Concelleiro Delegado da Área de Fomento, por medio de Orde de Servizo de data 24 de maio de 2021, resolveu iniciar o procedemento para o encargo da redacción do correspondente proxecto de obras, que deu lugar á





## Concello de Vigo

resolución da Xunta de Goberno Local de data 27 de maio de 2021 na que se acordou encomendar á Entidade Concesionaria Aqualia a redacción do proxecto técnico das obras de **“MELLORA DA ESTACIÓN DE BOMBEO DE AUGAS RESIDUAIS DE BOUZAS”**.

**IV.-** Con data 23 de novembro de 2021, Aqualia-FCC Vigo UTE” (en adiante a concesionaria) presentou o Proxecto de **“MELLORA DA ESTACIÓN DE BOMBEO DE AUGAS RESIDUAIS DE BOUZAS”** redactado polo Enxeñeira de Camiños Canles e Portos Maria Trinidad López Rodríguez cun orzamento base de licitación máis IVE de OITOCENTOS SESENTA E SEIS MIL EUROS CON CINCOCEMOS NOVE EUROS E TRINTA E NOVE CÉNTIMOS (866.509,39 €) e data Novembro de 2021. e SETECENTOS DEZA SEIS MIL CENTO VINTE TRES EUROS CON CORENTA E SEIS CÉNTIMOS (716.123,46 €), sin IVE.

**V.-** Con esa mesma data, a empresa concesionaria presenta os custes asociados correspondentes ao proxecto de referencia e que se detallan a continuación:

TRABALLO	COLABORADOR	HONORARIOS
Redacción de proxecto		0,00 €
Asistencia técnica á D.O.	Galaicontrol	12.035,69 €
Coordinación de seguridade e saúde	Sara Albar Hermida - Segurincó	3.008,92 €
	SUMA	15.044,61 €
	11% Gastos de Xestión	1.654,91 €
	TOTAL (IVE excluído)	16.699,52 €

**VI.-** O Enxeñeiro de Camiños, Canles e Portos D. Juan Manuel Sánchez González e Xefe da Oficina de Supervisión de Proxectos D. Aurelio Adán Fernández, con data 24 de novembro de 2021, emiten informe favorable sobre o proxecto presentado, indicando que a documentación considérase completa, e que o proxecto toma en consideración as disposicións xerais de carácter legal e regulamentario, así como a normativa técnica de aplicación.

**VII.-** Con data 25 de novembro de 2021 o Enxeñeiro de Camiños, Canais e Portos Municipal, emite informe no que indica, que as porcentaxes consideradas respecto do PEM do proxecto para o cálculo dos honorarios dos traballos de Redacción, Asistencia e Coordinación de seguridade e saúde, corresponden cos ratios aprobados na Xunta de Goberno Local de data 08 de marzo de 2013 dentro do procedemento de control das obras de inversións da entidade concesionaria é adecuado ao custe do mercado actual.

### **Consideracións Técnicas e Xurídicas**

**I.** Aínda que a execución do proxecto de obras, obxecto do presente expediente, será realizada pola concesionaria do servizo municipal de augas FCC Aqualia Vigo UTE, como actuación do plan de inversións aprobado para a segunda prórroga do contrato, arriba referida, e, daquela, non será obxecto dun específico procedemento de contratación, tal execución require igualmente, conforme ao establecido no artigo 231 da LCSP para a

adxudicación do contrato de obras, a previa elaboración, supervisión, aprobación e replanteo do correspondente proxecto de obras que definirá con precisión o obxecto do contrato.

**II.-** O proxecto de obras foi obxecto de supervisión pola Oficina de Supervisión de Proxectos municipal e, segundo resulta dos informes técnicos que obran no expediente, o proxecto cumpre cos obxectivos da actuación proposta, refírese a unha obra completa e nel tivéronse en conta as disposicións xerais de carácter legal e regulamentario: o proxecto reúne os contidos mínimos e as esixencias que sinalan os artigos 233 LCSP e 125 a 133 do Regulamento Xeral da Lei de Contratos das Administracións Públicas, aprobado por Real Decreto 1098/2001, de 12 de outubro, para os proxectos de obras que deban ser obxecto de específico procedemento de adxudicación, e axústase á normativa técnica de aplicación ao mesmo, tal e como resulta da táboa que figura no informe da Oficina de Supervisión de Proxectos Municipal, na que pormenorizadamente e con indicación da súa concreta localización no documento, se especifican os requisitos legais, regulamentarios e técnicos que reúne o proxecto.

**III.-** O proxecto, segundo vai dito, executarase pola concesionaria do servizo municipal de augas FCC Aqualia Vigo UTE, en cumprimento do plan de inversións correspondente a segunda prórroga do contrato de xestión de servizo público, en forma de concesión, da “Xestión Integral do Servizo Municipal de Abastecemento de Auga e Saneamento de Vigo”, outorgada polo Pleno da Corporación Municipal o 25/10/1990. A aprobación do proxecto corresponde ao órgano de contratación, a tenor do disposto no artigo 231 da LCSP, que de acordo coa disposición adicional 2ª.4 da LCSP, é a Xunta de Goberno Local e de conformidade, tamén, co establecido no procedemento a seguir para a execución das obras incluídas nos Plans de Investimentos da Concesión, aprobado pola Xunta de Goberno Local en acordo de 8 de marzo de 2013.

Polo que á vista do exposto, propónse á Xunta de Goberno Local a adopción do seguinte:

#### ACORDO

**Primeiro.-** Aprobar o proxecto técnico de “**MELLORA DA ESTACIÓN DE BOMBEO DE AUGAS RESIDUAIS DE BOUZAS**” redactado polo Enxeñeira de Camiños Canles e Portos María Trinidad López Rodríguez cun orzamento base de licitación máis IVE de OITOCENTOS SESENTA E SEIS MIL EUROS CON CINCOCENTOS NOVE EUROS E TRINTA E NOVE CÉNTIMOS (866.509,39 €) e SETECENTOS DEZA SEIS MIL CENTO VINTE TRES EUROS CON CORENTA E SEIS CÉNTIMOS (716.123,46 €), sin IVE e data novembro de 2021.

**Segundo.-** Aprobar os custes asociados ao proxecto de “**MELLORA DA ESTACIÓN DE BOMBEO DE AUGAS RESIDUAIS DE BOUZAS**” por un importe de 16.699,52 €, (IVE excluído) desagregado do seguinte xeito:

TRABALLO	COLABORADOR	HONORARIOS
Redacción de proxecto		0,00 €
Asistencia técnica á D.O.	Galaicontrol	12.035,69 €



## Concello de Vigo

Coordinacion de seguridade e saúde	Sara Albar Hermida - Segurinco	3.008,92 €
	SUMA	15.044,61 €
	11% Gastos de Xestión	1.654,91 €
	TOTAL (IVE excluído)	16.699,52 €

**Terceiro.-** Notifíquese aos interesados a presente resolución, con indicación de que a mesma é definitiva en vía administrativa e que contra ela poderán interpor recurso potestativo de reposición ante o mesmo órgano do que procede a mesma, dentro do prazo dun mes que comenza ao día seguinte ao da súa notificación, ou impugnala directamente ante o Xulgado do Contencioso-Administrativo de Vigo, no prazo de dous meses. Sen prexuízo de que poida exercer, no seu caso, calquera outro recurso administrativo que estime procedente.

Para o caso de formular recurso potestativo de reposición non poderá interpoñer recurso contencioso-administrativo ata que sexa resolto expresamente o de reposición ou se produza a súa desestimación presunta polo transcurso do prazo dun mes sen dictar e notificar a resolución do recurso.

### **ACORDO**

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

### **17(1111).- EXPEDIENTE DE CONTRATACIÓN DAS OBRAS PARA A EXECUCIÓN DO PROXECTO DE “REPARACIÓN DE DANOS NA ESTRUTURA, ADAPTACIÓN CONTRA INCENDIOS E ACCESIBILIDADE NO EDIFICIO DO PARQUE CENTRAL DE LAVADORES”.EXPTE. 1015/441.**

Visto o informe xurídico do 03/12/2021 e o informe de fiscalización do 09/12/2021, dáse conta do informe-proposta do 29/11/2021, asinado polo xefe do Servizo Administrativo e de Control Orzamentario, o concelleiro-delegado de Fomento e Servizos e polo concelleiro-delegado de Orzamentos e Facenda, que di o seguinte:

#### **I.- ANTECEDENTES DE FEITO.**

**1º.-** A Xunta de Goberno Local en sesión de data 7 de novembro de 2019 acordou aprobar o proxecto de “REPARACIÓN DE DANOS NA ESTRUTURA, ADAPTACIÓN CONTRA LUMES E ACCESIBILIDADE NO EDIFICIO DO PARQUE CENTRAL - LAVADORES”, redactado por Dna. IRIA URDAMPILLETA PÉREZ, cun orzamento base de licitación máis IVE de CATROCENTOS VENTISEIS MIL CENTO DEZASEIS EUROS E SETENTA E OITO CÉNTIMOS (426.116,78 €) e con sinatura dixital de data 16 de outubro de 2019.

**2º.-** En sesión de data 11 de decembro de 2020 a Xunta de Goberno Local acordou aprobar o expediente de contratación a través de procedemento aberto e tramitación ordinaria das obras de “REPARACIÓN DE DANOS NA ESTRUTURA, ADAPTACIÓN CONTRA INCENDIOS E ACCESIBILIDADE NO EDIFICIO DO PARQUE CENTRAL - LAVADORES”, redactado pola arquitecta Dna. Iria Urdampilleta

Pérez, cun orzamento base de licitación máis IVE de CATROCENTOS VINTE E SEIS MIL CENTO DEZASEIS EUROS E SETENTA E OITO CÉNTIMOS (426.116,78 €).

3º.- A Xunta de Goberno Local, en sesión de data 29 de xullo de 2021, acordou declarar deserto o procedemento aberto para a contratación das obras do proxecto de "Reparación de danos na estrutura, adaptación contraincendios e accesibilidade no edificio do Parque Central – Lavadores" (639-441) por canto ningún dos licitadores clasificados por resolución da concelleira delegada de Contratación de 23 de abril de 2021 presentou correctamente a documentación requirida para resultar adxudicatario dentro do prazo concedido para o efecto.

4º.- No expediente de contratación consta a documentación que segue:

- A) O proxecto obxecto do expediente aprobado pola Xunta de Goberno Local en sesión de data 07.11.2019 que se corresponde co expediente administrativo 4235/443 e que inclúe o Prego de Prescricións Técnicas redactado pola arquitecta Dna. Iria Urdampilleta Pérez.
- B) Informe de xustificación da necesidade e idoneidade do contrato, asinado pola Técnico de Xestión, polo Enxeñeiro de Camiños, Canais e Portos Municipal/Xefe do Servizo de Vías e Obras e polo Xefe do Servizo Administrativo de Control Orzamentario en data 06.09.2020.
- C) Resolución de inicio do expediente de contratación asinada polo Concelleiro Delegado da Área de Fomento e Servizos de data 06.09.2021.
- D) Memoria económica asinada pola Técnica de Xestión, polo Xefe Administrativo e de Control Orzamentario da Área de Fomento e polo Concelleiro Delegado da Área de Fomento e Servizos de datas 7 e 8 de outubro de 2021.
- E) Certificado de crédito RC REM nº202100089196 asinado polo Director Superior Contable.
- F) Acta de replanteo asinada polo Xefe da Oficina de Supervisión de Proxectos, I.T.O. e Asistencia Municipal en data 18.10.2021
- G) Memoria xustificativa para a redacción do PCAP redactada polo Servizo Xestor e asinada en datas 18 e 19 de outubro de 2021.
- H) Informe do Servizo de Contratación de comprobación da documentación esixida pola normativa de contratación pública, asinado pola Técnica de Administración Xeral e pola Xefa do Servizo de Contratación de data 10.11.2021.
- I) Prego de Cláusulas Administrativas Particulares asinado pola Técnica de Administración Xeral e a Xefa do Servizo de Contratación en data 10 de novembro de 2021.
- J) Dilixencia corrección do PCAP 25 de novembro de 2021
- K) Novo Prego de Cláusulas Administrativas Particulares asinado pola Técnica de Administración Xeral e a Xefa do Servizo de Contratación en data 25 de novembro de 2021.



## Concello de Vigo

### II.- FUNDAMENTOS TÉCNICOS E XURÍDICOS

**Primeiro.-** A iniciación do expediente de contratación corresponde ao Órgano de Contratación (artigo 116.1 LCSP), que nos municipios de gran poboación, como é o de Vigo, é a Xunta de Goberno Local (Disposición Adicional 2ª.4 LCSP) e, por delegación desta (acordo da Xunta de Goberno Local de data 20.06.2019), aos concelleiros de Área.

**Segundo.-** O expediente refírese á totalidade do obxecto do contrato e nel, e no expediente que se achega, constan as actuacións preparatorias do contrato de obras, esixidas polos artigos 231 e seguintes da LCSP —elaboración, supervisión, aprobación e replanteo do proxecto— así como o Prego de Cláusulas Administrativas particulares e o de Prescricións Técnicas, reitores do contrato.

**Terceiro.-** No expediente xustifícase a necesidade e idoneidade do contrato (artigos 28 e 116.4.e da LCSP), a clasificación esixida aos participantes (artigo 116.4.b da LCSP), os criterios de solvencia económica (artigo 116.4.c da LCSP), o valor estimado do contrato con indicación de todos os conceptos que o integran, incluíndo os custes laborais (artigo 116.4.d da LCSP), a xustificación do prezo do contrato e o seu método de cálculo (artigo 112 da LCSP), as materias obxecto de negociación (artigo 166.2 LCSP), os criterios de adxudicación e a súa adecuación ao obxecto do contrato (artigo 145.1 LCSP), as fórmulas de valoración (artigo 146.2 LCSP). Xustifícase a adecuación urbanística (informe da oficina de supervisión de proxectos de data 16.10.2019) e o cumprimento da normativa sectorial.

O procedemento elixido para a contratación é o procedemento negociado sen publicidade e a forma de tramitación do expediente a ordinaria.

**Cuarto.-** Consta na memoria económica elaborada polo servizo xestor xustificación de que non existe desequilibrio orzamentario por atoparse contemplado o gasto no orzamento e que non afectará á sustentabilidade financeira do Concello (artigo 7.3 da Lei orgánica 2/2012, de 27 de abril).

**Quinto.-** É preceptivo previa aprobación do expediente de informe da titular da Asesoría Xurídica (Disposición Adicional 3ª.8 da LCSP), así como a incorporación de certificado de existencia de crédito e fiscalización previa da Intervención (artigo 116.3 da LCSP).

**Sexto.-** A aprobación do expediente de contratación correspóndelle á Xunta de Goberno Local, na súa calidade de órgano de contratación (Disposición Adicional 2ª.4 da LCSP),

Por todo o exposto, e unha vez se incorporen ao expediente os devanditos informe da titular da Asesoría Xurídica e informe de fiscalización, propónse á Xunta de Goberno Local que adopte o seguinte acordo:

**Primeiro.-** Aprobar o expediente de contratación a través de procedemento negociado sen publicidade e tramitación ordinaria das obras de "**REPARACIÓN DE DANOS NA ESTRUTURA, ADAPTACIÓN CONTRA INCENDIOS E ACCESIBILIDADE NO EDIFICIO DO PARQUE CENTRAL - LAVADORES**", redactado pola arquitecta Dna. Iria Urdampilleta Pérez.

**Segundo.-** Aprobar o Prego de Cláusulas Administrativas particulares que rexerá o contrato asinado pola Técnica de Administración Xeral e pola Xefa do Servizo de Contratación de data 25.11.2021.

**Terceiro.-** Autorizar o gasto por importe total do expediente de contratación, que ascende a un importe máximo de **CATROCENTOS VINTE E SEIS MIL CENTO DEZASEIS EUROS E SETENTA E OITO CÉNTIMOS (426.116,78 €)**, sendo o importe correspondente ao **IVE de 73.954,15 €**.

Para o seo financiamento aplicaranse os créditos do orzamento do Concello de Vigo, na partida orzamentaria 9330.632.00.60 (Mellora do edificio P. Central Sta.Cristina), segundo a distribución de anualidades proposta.

2021	426.116,78 €
------	--------------

**Cuarto.-** Abrir o procedemento de licitación para a selección do contratista na forma prevista na lexislación vixente.

### **ACORDO**

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

### **ASUNTOS FORA DA ORDE DO DIA**

A Xunta de Goberno Local, co quorum regulamentario, acorda declarar de urxencia os asuntos seguintes, de conformidade co artº. 51 do Texto Refundido das disposicións legais vixentes en materia de réxime local, aprobado por Decreto lexislativo 781/1986 de 18 de abril.

.- Expediente de contratación do subministro de enerxía procedentes de fontes 100% renovables, en media e baixa tensión para as distintas instalacións do Concello de Vigo. Expte. 52008/444.

.- Proposta para declarar deserto o procedemento aberto para a contratación do subministro de caramelos e agasallos para a Cabalgata de Reis 2022 e a visita dos Reis a centros sanitarios. Expte. 9001/335.

Antes do tratamento de ditos asuntos para a súa aprobación (no seu caso, fora da orde do día) pola Secretaría do Goberno Local recóllese declaración expresa dos membros da Xunta de Goberno Local presentes na sesión de non incorrer en posible conflito de intereses, nos termos establecidos no modelo aprobado para a Xunta de Goberno Local por Resolución da Concellería Delegada de Xestión Municipal de data 24.02.2021, e de conformidade co Plan de Integridade na Contratación, aprobado pola Xunta de Goberno Local en data 12.12.2020, e o seu



## Concello de Vigo

Desenvolvemento Operativo aprobado por resolución da Concellería Delegada de Xestión Municipal de data 17.12.2019.

### **18(1112).- EXPEDIENTE DE CONTRATACIÓN DO SUBMINISTRO DE ENERXÍA PROCEDENTES DE FONTES 100% RENOVABLES, EN MEDIA E BAIXA TENSIÓN PARA AS DISTINTAS INSTALACIÓNS DO CONCELLO DE VIGO. Expte. 52008/444.**

A Xunta de Goberno Local, co quorum regulamentario, acorda declara-la urxencia do asunto de referencia por estar fóra da orde do día, de conformidade coa xustificación que consta no expediente aportada polo servizo correspondente.

Visto o informe xurídico e informe de fiscalización, ambos do 15/12/2021, dáse conta do informe-proposta de data 14/12/2021, asinado pola xefa do Servizo de Electromecánicos e Aforro enerxético, o xefe do Servizo Administrativo e de Control Orzamentario, o concelleiro-delegado de Área e polo concelleiro-delegado de Orzamentos e Facenda, que di o seguinte:

#### **I.-ANTECEDENTES.**

1.- O sector enerxético e concretamente a comercialización da enerxía eléctrica, atópase nun momento convulso e de profundo cambio. A entrada en vigor o pasado 1 de xuño de 2021 da circular 3/2020, na que se modifican as tarifas e calendarios de aplicación, así como a modificación das peaxes de acceso e a incorporación do termo de cargos do sistema, abre un período de adaptación que tal e como define a propia norma antedita será de 12 meses, nos que de maneira paulatina iranse incorporando outras modificacións definidas na norma, que, con todo, permanecen provisionalmente sen aplicación en previsión dunha paulatina adaptación dos consumidores antes da súa activación definitiva. Neste último caso atópase a futura modificación dos excesos de potencia ou a penalización por enerxía reactiva capacitiva, que non entrarán en vigor polo menos até o 01 de xaneiro de 2022, tal e como se anunciou en reiteradas ocasións.

Tamén haberá cambios de equipos de medida que afectarán directamente á factura de enerxía, xa que, en moitos casos, o método de cálculo da facturación de potencia tamén cambia co cambio de contador.

O obxecto deste contrato e a subministración de enerxía eléctrica 100% de orixe renovable (con certificado de orixe renovable) en baixa e media tensión para as distintas instalacións e dependencias de titularidade do Concello de Vigo, coa finalidade de establecer a xestión integral de devandita subministración ante a comercializadora eléctrica.

Quedan fóra do obxecto deste contrato as subministracións nos que, a pesar de ser o Concello de Vigo o propietario da instalación, o titular de pago sexa un terceiro (motivado por un contrato de explotación, concesión, aluguer, un convenio ou outras causas).

Os puntos de subministracións vinculadas o presente expediente, recóllense de maneira detallada no ANEXO I do PPTP.

Para o posterior e continuo coñecemento do Concello de Vigo, así como para a elaboración de datos estatísticos e da xestión dos consumos e facturación, establécense dentro destes puntos

de subministracións (1.178) a seguinte distribución en grupos ou familias agrupadas da seguinte forma:

- Semáforos: 209 subministracións.
- Instalación de iluminación pública e túneles : 731 subministracións.
- Outras instalacións municipais (Fontes, arrosios xardíns, bombeos, radares, etc.): 21 subministracións.
- Centros docentes e Gardarías: Centros públicos de educación infantil e primaria, dependentes do concello: 66 subministracións.
- Instalacións deportivas: Campos de fútbol, polideportivos e demais complexos deportivos dependentes do concello e do Instituto Municipal dos Deportes. 38 subministracións
- Dependencias: Edificios de oficinas e outros servizos propiedade do concello de Vigo (casa consistorial, auditorio municipal, bibliotecas, Locais de Asociacións, vivendas do concello, etc.) : 113 subministracións.

2.- No expediente contratación consta a documentación que segue:

- a) Informe de xustificación da necesidade e idoneidade da contratación asinado pola Enxeñeira Industrial e Xefa do Servizo de Electromecánicos e Aforro enerxético e polo Xefe do Servizo administrativo e Control Orzamentario en data 03 de xuño de 2021, onde se indican as finalidades institucionais competencia da Administración a satisfacer co obxecto do presente contrato.
- b) Resolución de inicio do expediente de contratación asinada polo Concelleiro da Área de Fomento e Servizos de data 03 de xuño de 2021.
- c) Prego de Prescricións Técnicas Particulares asinado polo Enxeñeira Industrial e Xefa do Servizo de Electromecánicos e Aforro enerxético en data 10 de novembro de 2021.
- d) Memoria económica asinada pola Enxeñeira Industrial e Xefa do Servizo de Electromecánicos e Aforro enerxético, polo Xefe Administrativo e de Control Orzamentario e o Concelleiro Delegado da Área de Fomento e Servizos de data 19 de novembro de 2021.
- e) Certificados de crédito RCFUT asinados polo Director Superior Contable de data 28 de outubro de 2021:
  - RCFUT 202100106808 – 1330 2210000
  - RCFUT 202100106811 – 1650 2210000
  - RCFUT 202100106813 – 1710 2210000
  - RCFUT 202100106814 – 3230 2210000





## Concello de Vigo

- RCFUT 202100106815 – 3420 2210000
  - RCFUT 202100106816 – 9200 2210000
- f) Memoria xustificativa para a elaboración do PCAP redactada polo Servizo Xestor, e asinada en data 19 de novembro de 2021.
- g) Informe do Servizo de Contratación indicando que o expediente reúne a documentación esixida pola lexislación vixente en materia de contratación pública, asinado pola Xefa do Servizo de Contratación en data 19 de novembro de 2021.
- h) Prego de Cláusulas Administrativas Particulares asinado pola Xefa do Servizo de Contratación en data 13 de decembro de 2021.

## II.- FUNDAMENTOS TÉCNICOS E XURÍDICOS

**Primeiro.-** A iniciación do expediente de contratación corresponde ao Órgano de Contratación (artigo 116.1 LCSP), que nos municipios de gran poboación, como é o de Vigo, é a Xunta de Goberno Local (disposición adicional 2ª. 4 da LCSP) e, por delegación desta (acordo da Xunta de Goberno Local de 20.06.2019), aos concelleiros de Área.

**Segundo.-** O expediente refírese á totalidade do obxecto, de conformidade co requirido polo artigo 116.2 da LCSP, e incorpora o Prego de Cláusulas Administrativas Particulares e de Prescricións Técnicas reitores do contrato.

**Terceiro.-**No expediente xustifícase a necesidade e idoneidade do contrato (artigo 28 e 116.4.e LCSP), a xustificación da insuficiencia de medios (artigo 116.4 f), a clasificación non é esixible no presente suposto (artigo 116.4.b LCSP), os criterios de solvencia técnica ou profesional, económica e financeira (artigo 116.4.C LCSP), o valor estimado do contrato con indicación de todos os conceptos que o integran, incluíndo os custes laborais (artigo 116.4.d), a xustificación do prezo do contrato e o seu método de cálculo (artigo 112 LCSP), os criterios de adxudicación e a súa adecuación ao obxecto do contrato (artigo 145.1 LCSP), a non división en lotes (artigo 116.4.g), as fórmulas de valoración (artigo 146.2 LCSP), así como o seu carácter de contrato suxeito a regulación harmonizada segundo o establecido no artigo 19 e 20 da LCSP. . Non é necesaria a xustificación do procedemento por tratase dun procedemento aberto.

**Cuarto.-** Consta na memoria económica elaborada polo servizo xestor xustificación de non desequilibrio orzamentario por atoparse contemplado o gasto no orzamento e que non afectará á sustentabilidade financeira do Concello (artigo 7.3 da Lei orgánica 2/2012, do 27 de abril)

**Quinto.-** É preceptivo previa aprobación do expediente de informe da titular da asesoría xurídica (Disposición adicional 3ª.8 da LCSP), así como a incorporación de certificado de existencia de crédito e fiscalización previa da Intervención (artigo 116.3 LCSP)

**Sexto.-** A aprobación do expediente de contratación correspóndelle á Xunta de Goberno Local, na súa calidade de órgano de contratación (disposición adicional 2ª. 4 LCSP),

Por todo o exposto, e unha vez se incorporen ao expediente informe da titular da asesoría xurídico e o informe de fiscalización que van ditos, PROPONSE á Xunta de Goberno Local que adopte o seguinte acordo:

- 1º.- Aprobar o expediente de contratación a través de procedemento aberto e tramitación ordinaria do SUBMINISTRO DE ENERXÍA PROCEDENTES DE FONTES 100% RENOVABLES, EN MEDIA E BAIXA TENSIÓN PARA AS DISTINTAS INSTALACIÓNS DO CONCELLO DE VIGO.
- 2º.- Aprobar o Prego de Prescricións Técnicas Particulares asinado pola Enxeñeira Industrial e Xefa do Servizo de Electromecánicos e Aforro enerxético en data 10 de novembro de 2021.
- 3º.- Aprobar o Prego de Cláusulas Administrativas Particulares asinado pola Xefa do Servizo de Contratación en data 13 de decembro de 2021.
- 4º.- Autorizar o gasto por importe total do expediente de contratación, que ascende a un importe máximo de SEIS MILLÓNS CINCOCENTOS SESENTA E DOUS MIL EUROS (6.562.000,00 €) sendo a partida correspondente ao IVE de UN MILLÓN CENTO TRINTA E OITO MIL OITOCENTOS CINCUENTA E NOVE EUROS CON CINCUENTA CÉNTIMOS (1.138.859,50 €)

O importe do contrato deberá ser de aplicación aos créditos do vixente orzamento do Concello de Vigo, nas seguintes aplicacións orzamentarias, as cales cumpren a condición de crédito suficiente e adecuado.

			Marzo/décembro (2022)	Xaneiro/febreiro (2023)	Total
1330	221.00.00	subministro de enerxía eléctrica nos semáforos	75.000,00 €	25.000,00 €	<b>100.000,00 €</b>
1650	221.00.00	subministro enerxía eléctrica alumeadado público	2.980.000,00 €	1.000.000,00 €	<b>3.980.000,00 €</b>
1710	221.00.00	subministro eléctrico en fontes de parques e xardíns	54.300,00 €	15.700,00 €	<b>70.000,00 €</b>
3230	221.00.00	subministro de enerxía eléctrica nos colexios públicos	440.000,00 €	210.000,00 €	<b>650.000,00 €</b>
3420	221.00.00	subministro eléctrico - inst. deportivas	540.000,00 €	210.000,00 €	<b>750.000,00 €</b>
9200	221.00.00	subministro eléctrico - dependencias municipais	737.000,00 €	275.000,00 €	<b>1.012.000,00 €</b>
			4.826.300,00 €	1.735.700,00 €	<b>6.562.000,00 €</b>



## Concello de Vigo

Resumo anualidades:

Anualidade	con IVE	sen IVE	IVE
2022	4.826.300,00 €	3.988.677,69 €	837.622,31 €
2023	1.735.700,00 €	1.434.462,81 €	301.237,19 €
<b>TOTAL</b>	<b>6.562.000,00 €</b>	<b>5.423.140,50 €</b>	<b>1.138.859,50 €</b>

- 5º.- Abrir o procedemento de licitación para a selección do contratista na forma prevista na lexislación vixente.

### **ACORDO**

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

### **19(1113).- PROPOSTA PARA DECLARAR DESERTO O PROCEDIMENTO ABERTO PARA A CONTRATACIÓN DO SUBMINISTRO DE CAMELOS E AGASALLOS PARA A CABALGATA DE REIS 2022 E A VISITA DOS REIS A CENTROS SANITARIOS. EXPTE. 9.001/335.**

A Xunta de Goberno Local, co quorum regulamentario, acorda declara-la urxencia do asunto de referencia por estar fóra da orde do día, de conformidade coa xustificación que consta no expediente aportada polo servizo correspondente.

Dáse conta do informe-proposta de data 16/12/2021, asinado pola secretaria da Mesa de Contratación, que di o seguinte:

### **LEXISLACIÓN APLICABLE**

- Lei 9/2017, do 8 de novembro, de contratos do Sector Público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, do 26 de febreiro de 2014
- Real decreto 817/2009, de 8 de maio, polo que se desenvolve parcialmente a Lei 30/2007, de 30 de outubro, de contratos do sector público (RLCSP)
- Real decreto 1098/2001, de 12 de outubro, polo que se aproba o regulamento xeral da Lei de contratos das Administracións Públicas (RLCAP), no que non se opoña ao Real decreto legislativo 3/2011
- Prego de cláusulas administrativas particulares para a contratación do procedemento aberto do subministro de caramelos e agasallos para a Cabalgata de Reis 2022 e a visita dos Reis a centros sanitarios (9.001-335)

### **ANTECEDENTES**

**Primeiro.-** Con data do 19 de novembro de 2021 a Xunta de Goberno local acordou aprobar o expediente para a contratación, por procedemento aberto do subministro de caramelos e agasallos para a Cabalgata de Reis 2022 e a visita dos Reis a centros sanitarios (9.001-335).

**Segundo.-** A licitación foi obxecto de publicación no perfil de contratante o 22 de novembro de 2021, rematando o prazo de presentación de ofertas o 7 de decembro de 2021.

Segundo consta na Plataforma de Contratos do Sector Público e no certificado expedido polo Rexistro Xeral unicamente se presentou un licitador para cada un dos dous lotes, EVENTOS ESPECTACULARES DEL NOROESTE, S.L.U.

**Terceiro.-** A Mesa de Contratación, na sesión que tivo lugar o 10 de decembro de 2021 acordou admitir nos lotes 1 e 2 deste procedemento a EVENTOS ESPECTACULARES DEL NOROESTE, S.L.U. por ter presentado correctamente a documentación esixida no prego de cláusulas administrativas para declarar o cumprimento dos requisitos previos.

**Cuarto.-** A concelleira delegada de Contratación, por delegación da Xunta de Goberno local (acordo do 20 de xuño de 2019), o 10 de decembro de 2021 adoptou a seguinte resolución:

“Primeiro.- Clasificar, de acordo cos criterios de adxudicación sinalados no prego, as proposicións admitidas nos lotes 1 e 2 do procedemento aberto para a contratación do subministro de caramelos e agasallos para a Cabalgata de Reis 2022 e a visita dos Reis a centros sanitarios (9.001-335) na seguinte orde descendente:

Lote 1 “caramelos”:

Orde	Licitador
1	EVENTOS ESPECTACULARES DEL NOROESTE, S.L.U.

- Lote 2 “agasallos”:

	Licitador	Puntuación
1	EVENTOS ESPECTACULARES DEL NOROESTE, S.L.U.	100 puntos

Segundo.- Requirir ao licitador clasificado en primeiro lugar, EVENTOS ESPECTACULARES DEL NOROESTE, S.L.U. (B-27.858.398), para que presente, no prazo de dez días hábiles, a contar desde o seguinte a aquel no que reciba o requirimento, a seguinte documentación (artigo 150.2 LCSP):

1. Declaración responsable de non estar incurso en prohibición de contratar.
2. A documentación esixida nas cláusulas 8 e 22 do prego de cláusulas administrativas particulares (PCAP).
3. Resgardo da garantía definitiva esixible de acordo co disposto na cláusula 24 do prego de cláusulas administrativas particulares”.

**Quinto.-** Durante o prazo concedido, o 14 de decembro de 2021, EVENTOS ESPECTACULARES DEL NOROESTE, S.L.U. presentou escrito no que expoñía:



## Concello de Vigo

*“Con data 10 de decembro a mesa de contratación do Concello de Vigo propón a esta empresa como adxudicataria da licitación antes citada e se lle require a documentación para seguir cos trámites habituais en materia de contratación. Sen embargo, coa actual crise de suministros existente no mercado económico actual e a futura folga de transporte de mercadorías convocada para os próximos días polas principais plataformas do sector do transporte non podemos garantir a entrega da mercadoría relativa a este contrato nin en tempo nin en forma, polo que solicitamos sexa aceptada a nosa renuncia a seguir con este procedemento”.*

**Sexto.-** A Mesa de Contratación, na sesión do 16 de decembro de 2021, entendeu retirada a oferta do único licitador admitido neste procedemento ao abeiro do disposto no artigo 150.2 da LCSP.

### **FUNDAMENTOS XURÍDICOS**

**Primeiro.-** A Mesa de Contratación é competente para propoñer deserta a licitación, ao abeiro do previsto no artigo 22.1g do Real Decreto 817/2009, no que se regulan as funcións das Mesas de Contratación.

Dado que nos lotes 1 “Caramelos” e 2 “Agasallos” deste procedemento o único licitador presentado e admitido é EVENTOS ESPECTACULARES DEL NOROESTE, S.L.U. e a Mesa entendeu retirada a súa oferta ao abeiro do disposto no artigo 150.2 da LCSP, procede declarar desertos os referidos lotes.

Á vista do exposto, propónse a Xunta de Goberno local, na súa calidade de órgano de contratación (disposición adicional segunda da LCSP), a adopción do seguinte acordo:

*“Declarar desertos os lotes 1 “caramelos” e 2 “agasallos” do procedemento aberto para a contratación do subministro de caramelos e agasallos para a Cabalgata de Reis 2022 e a visita dos Reis a centros sanitarios (9.001-335) porque a Mesa de Contratación entendeu retiradas as ofertas presentadas polo único licitador presentado e admitido nos referidos lotes ao abeiro do disposto no artigo 150.2 da LCSP”.*

### **ACORDO**

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

### **20(1112).- ROGOS E PREGUNTAS.**

Non houbo ningunha intervención neste punto.

E sen ter máis asuntos que tratar, o Sr. Presidente rematou a sesión ás nove horas e dez minutos. Como secretaria dou fe.

MEF.

A CONCELLEIRA-SECRETARIA DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL,  
Yolanda Aguiar Castro.

O ALCALDE  
Abel Caballero Álvarez